

# USC



**Convocatoria  
de Matrícula**

... ollamos o  
**mundo**

2019

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

## INDICE

	PAX.
<b>1. CLASES DE MATRÍCULA</b>	
1.1. Ordinaria .....	1
1.2. Extraordinaria .....	1
1.3. Visitantes .....	1
1.4. Programas de intercambio .....	1
1.5. Complementría nos estudos de terceiro ciclo .....	2
<b>2. REQUISITOS DE MATRÍCULA</b>	
2.1. Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e ensinanzas de Grao .....	2
2.1.1. Inicio de estudos .....	2
2.1.1.1. Inicio en titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo .....	3
2.1.1.1.1. Inicio de estudos en primeiro ciclo .....	3
2.1.1.1.2. Materias de nivelación (materias ponte) .....	3
2.1.1.1.3. Inicio de estudos en segundo ciclo .....	3
2.1.1.2. Inicio de estudos en titulacións oficiais de Grao.....	5
2.1.1.2.1. Matrícula a tempo completo .....	5
2.1.1.2.2. Matrícula a tempo parcial .....	5
2.1.1.2.3. Admisión e matrícula en cursos complementarios (cursos "ponte") para titu- lados .....	5
2.1.2. Continuación de estudos .....	6
2.1.3. Alumnado procedente doutras universidades .....	6
2.1.3.1. Admisión para inicio e continuación de estudos (agás titulacións con cota de prazas) .....	6
2.1.3.2. Admisión para continuar estudos en titulacións con cota de prazas .....	7
2.1.3.3. Alumnos e alumnas que cursaron estudos nesta universidade e trasladaron o seu ex- pediente para iniciar estudos distintos noutra universidade .....	7
2.1.3.4. Matrícula dos alumnos e alumnas admitidos/as para continuar estudos iniciados nou- tra universidade .....	7
2.1.3.5. Alumnos e alumnas procedentes de sistemas educativos doutros países .....	8
2.1.4. Estancias (prácticas tuteladas) da Licenciatura en Farmacia .....	8
2.1.5. Estancias da Licenciatura en Veterinaria .....	9
2.1.6. Matrícula extraordinaria de fin de carreira .....	9
2.1.7. Créditos por equivalencia .....	10
2.1.7.1. Traballos academicamente dirixidos .....	10
2.1.7.2. Prácticas en empresas ou en institucións públicas ou privadas .....	10
2.1.8. Libre elección .....	11
2.1.8.1. Criterios xerais .....	11
2.1.8.2. Criterios específicos para as materias impartidas na Facultade de Filoloxía .....	11
2.1.8.3. Procedemento de xestión das listas .....	11
2.1.8.4. Imposibilidade de formalizar matrícula en materias de libre elección .....	12
2.1.8.5. Recoñecemento de materias de nivelación .....	12
2.1.8.6. Módulos Jean Monnet .....	13
2.1.9. Simultaneidade de estudos .....	13
2.1.10. Inscripción no grao de licenciado e matrícula nos proxectos ou traballos fin de carreira .....	14
2.1.11. Requisitos formativos complementarios para a homologación dos títulos estranxeiros .....	14
2.1.11.1. Proba de aptitude.....	14
2.1.11.2. Prácticas, proxecto ou traballo e cursos tutelados .....	14
2.2. Máster universitario oficial .....	15
2.2.1. Inicio de estudos .....	15
2.2.2. Inicio de estudos para titulados universitarios do sistema educativo español .....	15
2.2.2.1. Matrícula en máster sen límite de prazas .....	15
2.2.2.2. Matrícula provisoria en máster con límite de prazas e criterios xerais de selección .	15

2.2.2.2.1. Documentación .....	16
2.2.2.2.2. Procedemento de adxudicación de prazas e matrícula .....	16
2.2.2.4. Solicitude de admisión nos máster con límite de prazas e criterios específicos: procedemento de adxudicación de prazas e matrícula .....	17
2.2.3. Inicio de estudos de titulados procedentes de sistemas educativos doutros países .....	17
2.2.4. Titulacións conxuntas .....	18
2.2.5. Alumnos e alumnas de titulacións de Graduado Superior da USC .....	18
2.2.6. Matrícula .....	18
2.2.6.1. Inicio de estudos a tempo completo .....	18
2.2.6.2. Matrícula a tempo parcial .....	19
2.2.6.3. Continuación de estudos .....	19
2.2.6.4. Créditos de formación adicional .....	19
2.2.6.5. Simultaneidade de estudos .....	19
2.2.6.6. Alumnos de titulacións conxuntas .....	20
2.2.6.7. Prazo e sistema de matrícula .....	20
2.3. Terceiro ciclo/Doutoramento .....	20
2.3.1. Ámbito de aplicación .....	20
2.3.2. Admisión e condicións de acceso .....	20
2.3.2.1. Etapa de Formación .....	20
2.3.2.2. Etapa de Tese .....	20
2.3.2.2.1. Estudos de acceso .....	20
2.3.2.2.2. Procedemento de admisión .....	21
2.3.3. Matrícula .....	22
2.3.3.1. Etapa de formación alumnos de Programas de Doutoramento (Real Decreto 778/1998) .....	22
2.3.3.1.1. Primeiro curso (sen docencia) .....	22
2.3.3.1.2. Segundo curso (período de investigación).....	22
2.3.3.2. Etapa de tese/Etapa de investigación (Real Decreto 1393/2007) .....	23
2.4. Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública .....	23
2.5. Posgraos propios .....	23
2.5.1. Admisión .....	23
2.5.2. Matrícula .....	23
2.6. Cuarto Ciclo e outros estudos .....	24
<b>3. IMPEDIMENTOS DA MATRÍCULA</b>	
3.1. Limitación de convocatorias por materia .....	24
3.2. Imposibilidade legal de nova inscrición no primeiro curso .....	24
3.2.1. Estudos de primeiro e segundo ciclo .....	24
3.2.2. Ensinanzas de Grao .....	24
3.3. Impedimentos establecidos nos plans de estudos .....	25
3.3.1. Prerrequisitos .....	25
3.3.2. Prelacións e incompatibilidades .....	25
3.3.3. Acceso aos segundos ciclos .....	25
3.4. Materias sen docencia .....	25
3.4.1. De plans en proceso de extinción .....	25
3.4.2. De plans estruturados en créditos .....	26
3.5. Matrícula en titulacións en proceso de extinción .....	26
3.6. Impedimento de matrícula no máster oficial .....	26
3.7. Programas de doutoramento en vías de extinción .....	26
<b>4. CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS DE EXAME</b>	
4.1. Fin de carreira .....	26
4.1.1. Requisitos de inscrición .....	26
4.1.2. Titulacións con proxectos ou traballos fin de carreira .....	27

4.1.3. Exclusiones da inscrición da convocatoria extraordinaria de fin de carreira .....	27
4.2. Cómputo de convocatorias .....	27
<b>5. PRAZOS DE MATRÍCULA E AS SÚAS MODIFICACIÓNS</b>	
5.1. Prazos .....	28
5.2. Cambios de titulación .....	28
5.3. Desistencia total (anulación total da matrícula) .....	28
5.4. Ampliación e modificación de matrícula .....	28
5.4.1. Primeiro período de modificación de matrícula .....	29
5.4.2. Modificación de matrícula dos alumnos admitidos para a realización de prácticas en empresas ou outras institucións .....	29
5.4.3. Matrícula e modificación de matrícula no segundo cuadrimestre .....	29
5.4.3.1. Inicio de estudos en titulacións de primeiro e segundo ciclo e en ensinanzas de Grao .....	29
5.4.3.2. Continuación de estudos en titulacións de primeiro e segundo ciclo e en ensinanzas de Grao .....	29
5.4.3.3. Segundos ciclos .....	30
5.4.3.3.1. Sen límite de prazos .....	30
5.4.3.3.2. Con límite de prazos .....	30
5.4.3.4. Ampliación e modificación de matrícula no segundo cuadrimestre en titulacións de pri- meiro e segundo ciclo e en ensinanzas de Grao .....	30
5.4.3.4.1. Ampliación de matrícula .....	30
5.4.3.4.2. Ampliación de matrícula en materias do segundo ciclo .....	30
5.4.3.4.3. Modificación de materias .....	30
5.4.3.4.4. Materias de libre elección .....	30
5.4.3.5. Límite de modificacións .....	30
5.5. Máster oficial .....	31
5.6. Estudos do Terceiro Ciclo .....	31
5.7. Adaptacións, validacións e recoñecementos de estudos .....	31
<b>6. LUGARES E SISTEMAS DE MATRÍCULA</b>	
6.1. Lugares .....	32
6.2. Sistemas de matrícula .....	32
6.2.1. Presencial .....	32
6.2.2. Internet (secretaría virtual) .....	33
6.2.2.1. Estudos de 1º e 2º ciclo e ensinanzas de Grao .....	33
6.2.2.2. Máster oficial .....	33
6.2.2.3. Estudos de Doutoramento .....	33
6.2.2.4. Imposibilidade de matrícula a través da secretaría virtual .....	33
<b>7. DOCUMENTOS</b> .....	34
<b>8. PREZOS PÚBLICOS</b>	
8.1. Titulacións oficiais .....	34
8.1.1. Matrícula en materias de libre elección .....	34
8.1.2. Etapa de teses dos estudos de Doutoramento .....	34
8.2. Titulacións propias da USC .....	35
8.3. Prezos comúns a titulacións oficiais e propias .....	35
8.3.1. Apertura de expediente .....	35
8.3.2. Expedición e mantemento da tarxeta de identidade .....	35
8.3.3. Soporte e documentación da matrícula .....	35
8.3.4. Seguro escolar .....	35
8.3.5. Seguro obrigatorio.....	35
8.4. Formas de pagamento dos prezos públicos.....	36

8.5. Confirmación da liquidación da matrícula.....	36
<b>9. EXENCIÓN, REDUCIÓN OU SUBVENCIÓN DO PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS</b>	
9.1. Solicitantes de bolsa do Ministerio de Educación e Ciencia (MEC).....	36
9.2. Solicitantes de bolsa e bolseiros doutros organismos públicos e privados.....	37
9.3. Matrícula de honra .....	37
9.3.1. Exención total .....	37
9.3.2. Exención parcial .....	37
9.4. Beneficiarios de Familias Numerosas .....	37
9.5. Outras exencións legalmente establecidas .....	38
9.5.1. Discapacidade.....	38
9.5.2. Víctimas de actos terroristas .....	38
9.5.3. Violencia de xénero.....	38
9.6. Beneficiarios de axudas e subvencións da universidade .....	38
9.7. Exclusións .....	39
9.8. Documentos .....	39
<b>10. ESTADOS E EFECTOS DA MATRÍCULA</b>	
10.1 Estados da matrícula .....	39
10.2. Dereitos e deberes .....	39
10.3. Incompatibilidades académicas e horarios .....	40
10.4. Convocatorias de exame .....	40
<b>11. RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS</b> .....	40
<b>12. QUEIXAS</b> .....	41
<b>13. EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA</b> .....	41
<b>14. NOTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN</b> .....	41
<b>15. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE MAIO DE 1999</b> .....	42
<b>16. ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS</b> .....	42
ANEXO I.- PRAZOS .....	43
ANEXO II.- DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE DE MATRÍCULA .....	50
ANEXO III.- TÍTULOS ACADÉMICOS OU PROBAS QUE HABILITAN PARA MATRICULARSE DIRECTAMENTE EN FACULTADES, ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES E COLEXIOS UNIVERSITARIOS. ....	53
ANEXO IV.- OFERTAS DE PRAZAS E TITULACIÓN DE ACCESO AOS MÁSTER UNIVERSITARIOS .....	56
ANEXO V.- NOTAS MÍNIMAS DE INGRESO.....	80
ANEXO VI.- OFERTA DE PRAZAS INICIO ESTUDOS DE SEGUNDO CICLO.....	81
ANEXO VII.- TITULACIÓN GRADUADO EN CC. CRIMINOLÓXICAS E DA SEGURIDADE PÚBLICA .....	83
ANEXO VIII.- ESTUDOS REGULADOS NESTA CONVOCATORIA .....	84

## CURSO ACADÉMICO 2009-2010

### CONVOCATORIA DE MATRÍCULA

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, esta Reitoría resolve publicar a convocatoria de matrícula nos estudos universitarios de primeiro e segundo ciclo, ensinanza de grao, máster universitario, doutoramento e nas titulacións propias, para o curso académico 2009-2010, conforme ás seguintes normas:

#### 1. CLASES DE MATRÍCULA:

##### 1.1. Ordinaria

Dirixida aos alumnos e alumnas que pretendan iniciar ou continuar estudos conducentes á obtención dalgunha das titulacións oficiais e propias relacionadas no anexo VIII.

##### 1.2. Extraordinaria

Poderase formalizar esta matrícula independentemente da titulación que se posúa. Esta matrícula está suxeita a autorización previa, non dará dereito a obtención de ningún título oficial nin propio e axustarase ao procedemento establecido pola USC. Na solicitude, o interesado ou interesada deberá indicar as materias concretas que desexa cursar, os motivos do seu pedimento, e un breve currículo académico e profesional.

##### 1.3. Visitantes

Poderán formalizar matrícula como alumnos e alumnas visitantes, de conformidade coa normativa específica, o alumnado doutras universidades nacionais ou estranxeiras non acollidos a programas de intercambio. Na solicitude, o interesado deberá indicar as materias concretas que desexa cursar, os motivos do seu pedimento, a universidade de procedencia e os estudos cursados.

##### 1.4. Programas de intercambio

Poderán formalizar esta matrícula o alumnado doutras universidades tanto nacionais como estranxeiras, de conformidade co establecido nos respectivos convenios e nas restantes normas e convocatorias da USC.

## **1.5. Complementaria nos estudos de terceiro ciclo**

Regulada no artigo 17 do Regulamento de estudos de terceiro ciclo, para o alumnado que, unha vez obtida a autorización do coordinador ou coordinadora correspondente, desexe cursar materias do período de formación dun programa, e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Alumnos e alumnas que estean cursando a etapa de formación dun programa de doutoramento noutra universidade para cursar materias fóra do seu propio programa.

b) Alumnado en posesión do DEA, que estean matriculados na etapa de tese na USC ou noutra universidade española.

c) Alumnos e alumnas procedentes de universidades estranxeiras, en virtude de convenio coa USC, e que unicamente desexen realizar unha parte dos estudos do período de docencia.

Os estudos realizados en virtude dunha matrícula complementaria reflectiranse no expediente do alumno/a. No caso de estudos iniciados ao abeiro do Real Decreto 778/1998, as materias cursadas serán consideradas como de tipo C.

## **2. REQUISITOS DE MATRÍCULA:**

### **2.1. Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e ensinanzas de Grao**

#### **2.1.1. Inicio de estudos**

Poderán formalizar matrícula o alumnado que estea habilitado por ter superadas as probas de aptitude para o acceso á universidade ou posuír algún dos títulos ou probas recollidos no anexo III.

Os/as diplomados, mestres, enxeñeiros técnicos, arquitectos técnicos ou titulacións equivalentes de plans extinguidos, poderán matricularse nas ensinanzas de Grao. Non obstante, nas ensinanzas de Grao en que se oferte un curso complementario (curso ponte) para obter as competencias que proporciona o título oficial polos titulados de plans anteriores, unicamente poderán solicitar a súa admisión por esta vía, e non poderán solicitar praza polo sistema ordinario para inicio de estudos en titulacións con límite de prazas (preinscrición) no Grao que substitúa á titulación xa cursada. Esta limitación tamén se aplicará aos alumnos e alumnas que reunindo os requisitos para solicitar a expedición do título aínda non o fixeran. No caso de incumprimento desta limitación, procederase a anular a matrícula realizada no primeiro curso e convocarase, de ser posible, ao seguinte alumno da lista de agarda.

Os licenciados, enxeñeiros, arquitectos ou titulacións equivalentes de plans extinguidos poderán matricularse en ensinanzas de Grao, pero non poderán cursar as ensinanzas de Grao que substitúen aos estudos xa cursados ou que teñen os mesmos efectos académicos e profesionais, agás en réxime de matrícula extraordinaria regulada no apartado 1.2 desta convocatoria.

Para iniciar estudos en titulacións con límite de prazas os alumnos e alumnas deberán ser previamente admitidos, segundo o procedemento establecido para estas titulacións. Tamén deberán

ser admitidos para iniciar ou continuar estudos en titulacións con ou sen límite de prazas o alumnado que proceda doutras universidades.

### **2.1.1.1. Inicio de estudos en titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo**

#### **2.1.1.1.1. Inicio de estudos en primeiro ciclo**

Deberán formalizar matrícula, como mínimo, en sesenta créditos entre as materias troncais, obrigatorias e optativas das que de forma orientativa estean adscritas ao primeiro curso de cada titulación, ou do número de créditos que o plan de estudos establece para o primeiro curso como carga lectiva, se é menor de sesenta. Para este cómputo non se terán en conta os créditos de libre elección no caso de que lle sexan recoñecidos.

Esta obriga non é de aplicación aos alumnos e alumnas a quen lles fora concedida adaptación, validación ou recoñecemento de materias troncais, obrigatorias ou optativas da titulación.

#### **2.1.1.1.2. Materias de nivelación (materias ponte)**

O alumnado que inicie estudos naquelas titulacións de primeiro e segundo ciclo que ofertan materias de nivelación, poderán inscribirse nun máximo de dúas materias deste tipo. O prazo de inscrición nestas materias coincidirá co prazo xeral de matrícula e a inscrición formalizarase conxuntamente coa matrícula ordinaria. Estes créditos non se computarán para os efectos de cumprir a esixencia de matricularse do mínimo de créditos que se establece para os que inician estudos.

A inscrición non reportará prezos públicos nin se reflectirá no expediente académico mentres non se realice o seu recoñecemento conforme o establecido no apartado 2.1.8.5 desta convocatoria.

#### **2.1.1.1.3. Inicio de estudos en segundo ciclo**

Para iniciar estudos en segundo ciclo por ter cursado outros estudos que dan acceso a un segundo ciclo dunha titulación ou a unha titulación de só segundo ciclo, de acordo coas ordes ministeriais que o regulan, procederase de acordo co disposto nos seguintes apartados.

Os alumnos e alumnas que reúnan os requisitos de acceso ao segundo ciclo non poderán solicitar a admisión polo procedemento establecido para iniciar estudos no primeiro ciclo. No caso de que se matricularan no primeiro ciclo, procederase á anulación da matrícula realizada.

Non obstante o anterior, no caso de que se implantaran as ensinanzas de Grao, poderán optar por iniciar estudos nestas ensinanzas ou por iniciar estudos no segundo ciclo, en tanto non se proceda á extinción destes estudos e se siga impartindo docencia no primeiro curso do segundo ciclo e nos complementos de formación.

Nas titulacións nas que, como consecuencia da implantación das novas ensinanzas de Grao, se iniciara o proceso de extinción dalgunha das materias dos complementos de formación, polo que xa non terían docencia, non se admitirán alumnos e alumnas para iniciar estudos no segundo ciclo. Non obstante, nos segundos ciclos nos que non establecera límite de prazas, poderanse admitir aos que acrediten que teñen superadas esas materias, ben por

telas cursadas xunto cos estudos do primeiro ciclo ou por ter superadas materias con contidos e carga lectiva equivalentes.

### **Titulacións sen límite de prazas**

Para iniciar estudos en titulacións sen límite de prazas, deberá cumprimentarse un formulario a través da secretaría virtual, declarando os estudos de acceso, para os efectos de autorizar a matrícula.

Esta matrícula estará condicionada a que se verifique que o alumno/a reúne os requisitos de acceso. Para estes efectos, os matriculados, que cursaron os estudos previos noutra universidade, deberán presentar a certificación académica de ter superado o primeiro ciclo completo ou fotocopia compulsada do título universitario, segundo proceda, que acrediten que reúnen os requisitos de acceso aos estudos de segundo ciclo nos que se matricularon.

Esta documentación deberá presentarse no prazo de dez días seguintes ao de realización de matrícula. De non facelo neste prazo, ou se os datos académicos declarados non coinciden cos que figuren na documentación achegada, procederase a iniciar os trámites para o arquivo da matrícula.

### **Titulacións con límite de prazas**

Para iniciar estudos de segundo ciclo en titulacións con límite de prazas, deberá solicitarse previamente a admisión, a través da secretaría virtual da USC.

Os solicitantes que cursaron estudos noutra universidade, deberán presentar, dentro do prazo de solicitudes que se indica no anexo I: unha fotocopia do documento de identidade (NIF, NIE ou pasaporte) e unha certificación académica dos estudos previos que permiten o acceso ao segundo ciclo na que deberá acreditarse a superación do primeiro ciclo completo e na que terán que figurar todas as materias cursadas, os créditos de cada materia ou, no casos de plans non estruturados en créditos, o carácter anual ou cuatrimestral da materia, as cualificacións obtidas e o número de convocatorias de cada materia, para os efectos de valoración do expediente. Ademais, os diplomados, mestres, enxeñeiros técnicos, arquitectos técnicos ou equivalentes, deberán acreditar que fixeron o depósito do título dos estudos de acceso.

Os solicitantes que non acheguen a documentación no prazo indicado, terán un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao de remate do prazo de solicitudes, para presentaren a documentación requirida, sendo suficiente notificación, para estes efectos, a información que figura na secretaría virtual sobre a documentación a presentar.

No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, serán excluídos do proceso de adxudicación de prazas.

As prazas adxudicaranse por nota media simple de expediente, de acordo co disposto na Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005, segundo as cotas de prazas ofertadas para cada titulación de acceso.

No anexo VI establécense as titulacións de segundo ciclo e os segundos ciclos de titulacións de 1º e 2º ciclo, aos que se pode acceder dende outros estudos. No devandito anexo detállanse titulacións, prazas e complementos de formación necesarios en cada caso.

Os alumnos e alumnas admitidos e matriculados que cursaron os estudos de acceso noutra universidade deberán proceder ao traslado do seu expediente, agás que xa remataran eses estudos.

### 2.1.1.2. Inicio de estudos en titulacións oficiais de Grao

**2.1.1.2.1. Matrícula a tempo completo.-** Os estudantes admitidos para realizar o primeiro curso das ensinanzas de Grao a tempo completo deberán matricularse de 60 créditos ECTS.

**2.1.1.2.2. Matrícula a tempo parcial.-** Os alumnos e alumnas que por circunstancias acreditadas pretendan realizar os seus estudos a tempo parcial poderán matricularse en 30 créditos ECTS a elixir ou o número máis próximo a esta cifra en función das materias en que se matricule.

Os alumnos e alumnas que poderán acollerse a este sistema de matrícula a tempo parcial serán como máximo o 15% dos matriculados no primeiro curso, de acordo coas prazas de novo ingreso ofertadas.

Para estes efectos, os interesados, no momento de formalizar a matrícula en primeiro curso, deberán solicitar esta modalidade acreditando os motivos que lles impida a realización dos estudos a tempo completo. A selección realizaraa o centro de entre os alumnos e alumnas matriculados neste primeiro curso, de conformidade co disposto no acordo do Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, sobre a xestión das ensinanzas de Grao na Universidade de Santiago de Compostela.

O centro publicará a relación de alumnos e alumnas seleccionados e daralle traslado á Unidade de Xestión Académica correspondente para que os alumnos e alumnas procedan a facer o correspondente axuste de matrícula aos 30 créditos ECTS establecidos para esta modalidade, no prazo xeral de matrícula ou no primeiro prazo de modificación da matrícula.

**2.1.1.2.3. Admisión e matrícula en cursos complementarios (cursos “ponte”) para titulados.-** Nas ensinanzas de Grao nas que se oferten cursos complementarios para obter o título oficial de Grao polos titulados de plans anteriores aos que substitúe a nova titulación, e se estableza un límite de prazas, deberá solicitarse previamente a admisión, a través da secretaría virtual da USC.

Os solicitantes que cursaron estudos noutra universidade, deberán presentar, dentro do prazo de solicitudes que se indica no anexo I, unha fotocopia do documento de identidade (NIF, NIE ou pasaporte), unha certificación académica na que deberán figurar todas as materias cursadas, os créditos de cada materia ou, no casos de plans non estruturados en créditos, o carácter anual ou cuatrimestral da materia, as cualificacións obtidas e o número de convocatorias de cada materia, para os efectos de valoración do expediente, e unha fotocopia compulsada do título ou da certificación supletoria que acredite que ten efectuado o depósito do título.

Os solicitantes que non acheguen a documentación no prazo indicado, terán un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao de remate do prazo de solicitudes, para presentaren a documentación requirida, sendo suficiente notificación, para estes efectos, a información que figura na secretaría virtual sobre a documentación a presentar.

No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, serán excluídos do proceso de adxudicación de prazas.

As prazas adxudicaranse por nota media simple de expediente, de acordo co disposto na Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005, segundo as cotas de prazas ofertadas para cada titulación de acceso.

### **2.1.2. Continuación de estudos**

Poderán formalizar matrícula aqueles alumnos e alumnas que pretenden continuar os estudos na mesma titulación oficial na que estiveran matriculados nesta universidade no curso ou cursos anteriores. Os alumnos e alumnas que iniciaran os mesmos estudos noutra universidade ou que trasladaran o seu expediente para continuar os estudos noutra universidade, para matricularse deberán ser previamente admitidos.

O alumnado que desexe continuar estudos poderán formalizar a matrícula en calquera materia do plan de estudos, de acordo coa ordenación temporal que este estableza, sempre que non incorran nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nas normas de xestión académica da USC e nos plans de estudo.

Non se permitirá matricular de máis de 75 créditos ECTS aos alumnos e alumnas das ensinanzas de Grao a tempo completo, en aplicación do disposto no apartado cuarto do acordo de Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, sobre a xestión das ensinanzas de Grao na Universidade de Santiago de Compostela.

A matrícula dos alumnos e alumnas que cursen estudos ao abeiro dun programa ou convenio de intercambio interuniversitario deberá axustarse ao disposto no Regulamento do 15 de febreiro de 2008 (DOG nº 58 do 26 de marzo) dos intercambios interuniversitarios de estudantes.

### **2.1.3. Alumnado procedente doutras universidades**

#### **2.1.3.1. Admisión para inicio e continuación de estudos (agás titulacións con cota de prazas)**

Os alumnos e alumnas procedentes doutras universidades deberán ser admitidos para iniciar ou continuar estudos na USC, previa solicitude e condicionado ao cumprimento dos requisitos, segundo o establecido nas normas de xestión académica da USC.

Para iniciar estudos en titulacións con límite de prazas, deberá facerse a preinscrición nos prazos e polo procedemento establecido pola CIUG.

Para iniciar estudos en titulacións sen límite de prazas ou para continuar os estudos xa iniciados noutra universidade, as solicitudes presentaranse a través da secretaría virtual, declarando os datos académicos de acceso e, de ser o caso, os estudos universitarios cursados. A admisión e a matrícula quedarán condicionadas á posterior acreditación e verificación do cumprimento dos requisitos. Esta documentación deberá presentarse no prazo de dez días seguintes ao de realización de matrícula. De non facelo, ou se os datos académicos declarados non coinciden cos que figuren na documentación achegada, procederase a iniciar os trámites para o arquivo da matrícula.

Nas titulacións en proceso de extinción, poderanse admitir ao alumnado para continuar estudos cando as materias nas que pretendan formalizar matrícula teñan docencia por non terse

extinguído o curso ou estivesen no período transitorio de dous anos seguintes á extinción (materias sen docencia, só con dereito a exame). Nestas titulacións esixiranse o cumprimento dos requisitos de admisión que se establecen nas normas de xestión académica, para o que se terá en conta se no último ano en que se ofertaron para inicio de estudos tiñan ou non límite de prazas.

### **2.1.3.2. Admisión para continuar estudos en titulacións con cota de prazas**

As prazas asignaranse de acordo co regulado no artigo 30.1.2 das Normas de Xestión Académica. Para estes efectos, os interesados deberán cumprimentar o formulario de solicitude a través da secretaría virtual no prazo establecido nas normas de xestión académica e no anexo I desta convocatoria. Os solicitantes deberán presentar ou remitir, dentro do prazo de solicitudes, unha fotocopia do documento de identidade (NIF, NIE ou pasaporte) e unha certificación académica completa dos estudos cursados, na que se inclúan todas as materias, superadas e non superadas, as cualificacións e número de convocatorias. Nesta certificación deberán figurar as cualificacións obtidas na primeira convocatoria ordinaria do curso 2008/09, agás que acrediten non terse matriculado neste curso académico. Xunto coa documentación deberán acompañar unha copia da solicitude de admisión.

Os solicitantes que non presenten a documentación no prazo indicado ou que a documentación presentada non se axuste ao disposto neste apartado, terán un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao de remate do prazo de solicitudes, para presentaren a documentación requirida, sendo suficiente notificación para estes efectos, a información que figura na secretaría virtual sobre a documentación a presentar.

No caso de non achegaren a documentación no prazo indicado, serán excluídos do proceso de adxudicación de prazas correspondente ao primeiro prazo. Neste caso, se quedarán prazas vacantes para o segundo prazo poderán presentar de novo a súa solicitude, xunto coa documentación requirida.

Os alumnos e alumnas admitidos e que non se matriculen no prazo indicado na resolución de admisión, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada, e convocarase ao seguinte alumno por orde da listaxe de agarda.

As cualificacións esixibles para continuar estudos en titulacións con límite de prazas, segundo a norma 30.1.3 das Normas de Xestión Académica, para alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, inclúense no anexo V.

### **2.1.3.3. Alumnos e alumnas que cursaron estudos nesta universidade e trasladaron o seu expediente para iniciar estudos distintos noutra universidade**

Os alumnos e alumnas que iniciaron estudos nesta universidade e trasladaron o seu expediente para iniciar estudos distintos noutra universidade, poderán solicitar a admisión para continuar os mesmos estudos xa iniciados nesta universidade sen que se esixa ningún requisito, aínda que a titulación teña límite ou cota de prazas para traslados, sempre que non incorran nalgún impedimento dos regulados nas normas de permanencia para continuar estes estudos, debendo proceder ao traslado do seu expediente.

### **2.1.3.4. Matrícula dos alumnos e alumnas admitidos para continuar estudos iniciados noutra universidade**

Os alumnos e alumnas admitidos e que soliciten adaptación ou recoñecemento dos estudos

superados noutra universidade, deberán realizar unha matrícula provisoria. Logo de que se dite a resolución de adaptación ou recoñecemento, procederán a formalizar a matrícula definitiva, no prazo que se determine na resolución.

#### **2.1.3.5. Alumnos e alumnas procedentes de sistemas educativos doutros países**

En aplicación do disposto no artigo 38.5 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación, os alumnos procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados co que se asinaran acordos internacionais aplicables a este respecto en réxime de reciprocidade, que reúnan os requisitos esixidos no seu sistema educativo para acceder á universidade, poderán iniciar estudos na USC nas mesmas condicións que os alumnos españois. Para estes efectos, deberán presentar a credencial expedida pola UNED, de conformidade co disposto na Resolución da Secretaría de Estado de Universidades do 30 de marzo de 2009 (BOE do 22 de abril).

Os alumnos e alumnas procedentes de universidades estranxeiras que pretendan continuar os mesmos estudos nesta universidade, deberán solicitar a validación parcial de estudos e someterse aos criterios de admisión establecidos, de acordo cos procedementos e requisitos establecidos no artigo 30.2 das normas de xestión académica desta universidade.

#### **2.1.4. Estancias (prácticas tuteladas) da Licenciatura en Farmacia**

**2.1.4.1.** Os alumnos e alumnas que cursen estudos conducentes á Licenciatura en Farmacia poderán solicitar a realización das Estancias (prácticas tuteladas) correspondentes tanto ao primeiro período, de outubro de 2009 a abril de 2010, como ao segundo período, de marzo a setembro de 2010.

Excepcionalmente, tamén poderán solicitar a realización das prácticas os licenciados polo plan de 1973, sempre e cando existan vacantes trala adxudicación de prazas aos alumnos do plan vixente, formalizando a súa matrícula como extraordinaria. Os que superen as prácticas poderán solicitar a certificación acreditativa da súa realización, pero non dará lugar á expedición dun novo título nin a modificación do existente.

**2.1.4.2.** Os alumnos e alumnas do plans de estudo de 1999 para solicitar a realización das estadias ou prácticas tuteladas deberán ter superados como mínimo 285 créditos. Para estes efectos, só se terán en conta os créditos que sexan computables para completar os estudos, polo que non se terán en conta os créditos superados a maiores dos necesarios.

**2.1.4.3.** Os alumnos e alumnas do plan vixente, elixirán a oficina de farmacia ou hospital onde desexan realizar as prácticas en función da nota media do seu expediente académico, escollendo en primeiro lugar os alumnos e alumnas coa puntuación máis alta.

Os licenciados do plan de estudos de 1973 elixirán a oficina de farmacia ou hospital onde desexan realizar as prácticas despois de que o fagan os alumnos e alumnas do plan de 1999, seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, tendo preferencia os que teñan unha nota media de expediente académico máis alta.

A nota media de expediente que se aplicará será a global, calculándose de acordo co establecido na Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005, pola que se aplica o protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas, para a valoración dos expedientes académicos.

2.1.4.4. As datas de solicitude son as que figuran no anexo I e o lugar para a elección de farmacia será establecido polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como a relación de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.

2.1.4.5. A matrícula realizarse nos 3 días seguintes ao de asignación da praza. Non obstante, os alumnos e alumnas do plan de estudos de 1999, que reúnan os requisitos, poderán matricularse nas Estancias no período ordinario de matrícula.

2.1.4.6. Liquidación de prezos públicos: a matrícula nas Estancias reportará os prezos correspondentes a 15 créditos, aplicándose a tarifa que se establece no Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para estudos de plans renovados, epígrafe A, e serán de aplicación os mesmos beneficios e exencións que para as demais materias da titulación.

### 2.1.5. Estancias da Licenciatura en Veterinaria

Poderán matricularse nas "Estancias" os alumnos e alumnas do plan 2000 que teñan superados todos os créditos troncais dos 3 primeiros cursos (193 créditos).

2.1.5.1. O Decanato da Facultade de Veterinaria publicará os prazos de solicitude, a oferta de prazas, os criterios de selección e os períodos de realización das prácticas.

2.1.5.2. Os alumnos e alumnas que reúnan os requisitos, deberán presentar a solicitude no centro, nos prazos que se determinen, antes de realizar a matrícula.

2.1.5.3. Tras a asignación de prazas, o Decanato da Facultade de Veterinaria comunicará á Unidade de Xestión Académica a relación de alumnos seleccionados e o período de realización das prácticas.

2.1.5.4. Os alumnos e alumnas deberán matricularse nos 3 días seguintes ao de asignación de praza.

2.1.5.5. A matrícula dará dereito á realización dun único período de prácticas. De non superalas, o alumno deberá matricularse de novo, logo de solicitar praza e serlle asignada polo procedemento establecido neste apartado.

### 2.1.6. Matrícula extraordinaria de fin de carreira

**Exclusivamente en titulacións de primeiro e segundo ciclo.** Esta matrícula dá dereito a unha única convocatoria de exame, coincidente coa convocatoria de setembro.

Poderán formalizar esta matrícula os seguintes alumnos e alumnas:

a) Os que se inscribiron na convocatoria extraordinaria de exames de fin de carreira e esgotaron no curso académico as dúas convocatorias de exame a que lle dá dereito a matrícula ordinaria.

b) Os que reunindo os requisitos para presentarse á convocatoria de fin de carreira non se inscribiron nela.

Están obrigados a matricularse da totalidade dos créditos que lles resten para concluír os estudos e reportará os prezos públicos que se establecen para a matrícula ordinaria.

O cumprimento dos requisitos para concorrer a esta convocatoria deberán reunirse no inicio do curso académico, de acordo co regulado no apartado 4.1.1 desta resolución. Non procederá, polo tanto, a matrícula dos alumnos e alumnas que reúnen os requisitos tras superar materias nalgunha das convocatorias, ordinarias ou extraordinarias, deste curso académico ou por serlle recoñecidos estudos ou actividades realizadas no mesmo curso.

### **2.1.7. Créditos por equivalencia**

#### **2.1.7.1. Traballos academicamente dirixidos**

En aplicación do disposto no artigo 76.1 das normas de xestión académica, para as titulacións que así o teñan establecido no seu plan de estudos, os centros convocarán, a proposta dos departamentos, os traballos academicamente dirixidos, de acordo co regulado na Resolución Reitoral do 11 de maio de 1999, modificada pola Resolución Reitoral do 12 de marzo de 2007. As convocatorias deberán remitirse ao Servizo de Xestión Académica.

O prazo de solicitudes será como mínimo de 10 días naturais, no mes de xullo, nas datas concretas que se determinen na convocatoria.

A selección dos alumnos e alumnas deberá ser resolta antes do 15 de setembro, e comunicarse á Unidade de Xestión Académica a relación de alumnos e alumnas admitidos, título do traballo, profesor ou profesores que dirixirán o traballo, número e tipo de créditos, e, no caso de que así se estableza no plan de estudos, o itinerario ou orientación para o que se computa.

A matrícula realizarase nos períodos ordinarios establecidos nesta convocatoria.

#### **2.1.7.2. Prácticas en empresas ou en institucións públicas ou privadas**

Os centros e organismos coordinadores das prácticas en empresas realizarán a selección dos alumnos e alumnas conforme a convocatorias públicas, de acordo co disposto no capítulo II das normas de xestión académica e na normativa de prácticas externas en empresas e institucións, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 30 de maio de 2008. As convocatorias deberán enviarse ao Servizo de Xestión Académica.

A relación de alumnos e alumnas admitidos remitirase á Unidade de Xestión Académica, indicando o período de prácticas, número de horas, número e tipo de créditos, empresa ou institución onde se realizarán as prácticas, e os titores ou órganos responsables das prácticas.

Os alumnos e alumnas deberán matricularse nas prácticas no prazo de cinco días seguintes á publicación da relación de alumnos admitidos, que deberá ser comunicada no mesmo día á Unidade de Xestión Académica.

A admisión dun alumno para a realización de prácticas en empresa daralle dereito á modificación da matrícula no mesmo prazo en que se matricule das prácticas, de acordo co disposto no apartado 5.4.2 desta convocatoria.

Unha vez iniciadas as prácticas, non procederá a modificación do número de créditos matriculados agás que, por causa non imputable aos alumnos, a empresa ou institución modificara a súa duración. Esta circunstancia, debe ser comunicada polo responsable académico ao Servizo de Xestión Académica.

A realización parcial das prácticas non dará dereito ao recoñecemento de ningún crédito, figurando nas actas como "Non apto".

## 2.1.8. Libre elección

### 2.1.8.1. Criterios xerais

**Límite de prazas:** As materias tanto específicas para libre configuración curricular como as pertencentes a titulacións oficiais, teñen o límite de prazas que se establece na oferta académica.

Poderase formalizar matrícula en todas as materias sen necesidade de inscrición previa (preinscrición), indistintamente que sexan específicas ou non, de acordo co procedemento de xestión das listas que se indica.

Todas as materias estarán sometidas aos requisitos, prelacións e exclusións que se determinan na oferta de materias específicas ou no plan de estudos ao que pertencen. Non se admitirá a matrícula nas materias que teñan prelación, agás que xa se teña superada a materia que fai prelación. Este impedimento non será de aplicación aos alumnos e alumnas doutras universidades que cursen estudos nesta en virtude dun programa de intercambio, sempre que así figure no acordo académico ou compromiso de estudos.

A matrícula formalizarase conxuntamente coa matrícula ordinaria nos prazos establecidos nesta convocatoria.

### 2.1.8.2. Criterios específicos para as materias impartidas na Facultade de Filoloxía

Para poder matricularse da *“Ampliación da Segunda Lingua...”* deberá terse superada a *“Segunda Lingua...”* correspondente.

Para poder matricularse da *“Literatura da Segunda Lingua II”* deberá terse superada a *“Segunda Lingua I”* correspondente.

### 2.1.8.3. Procedemento de xestión das listas

- **Listas de ocupación:** Os alumnos e alumnas poderán coñecer en todo momento o nivel de ocupación da materia solicitada a través da secretaría virtual. Cando a ocupación supere o 75% das prazas ofertadas faranse públicas as listas de matriculados clasificados segundo a media do expediente. Estas listas actualizaranse diariamente e informarán das expectativas para conseguir a praza desexada.
- **Modificación da matrícula nas materias de libre elección:** cando o alumno/a matriculado considere escasas ou nulas as posibilidades de conseguir praza nas materias de libre elección da súa preferencia, poderá modificar a súa matrícula nas materias de libre elección durante o prazo de matrícula.
- Rematado o período ordinario de matrícula, no primeiro período de **modificación de matrícula**, procederase do seguinte xeito:
  - a) Nas materias en que a demanda é **superior** á oferta de prazas, non se autorizará a ampliación de matrícula nesas materias, pero si a anulación por parte dos alumnos e alumnas matriculados.
  - b) Nas materias en que a demanda é **inferior** á oferta, autorizarase a modificación da matrícula (ampliación ou anulación) nestas materias ata cubrir as prazas ofertadas. Neste período, adxudicaranse as prazas por orde temporal de modificación da matrícula.

- **Asignación definitiva de prazas:** Inmediatamente ao remate do prazo de modificación de matrícula, publicarase na páxina web <http://www.usc.es/matricula> (na sección de libre elección) a asignación das prazas, en función da media do expediente, naquelas materias onde a demanda fora superior á oferta, desestimando as solicitudes de matrícula que excedan o número de prazas ofertadas, procedéndose de oficio á súa anulación. Os alumnos e alumnas aos que non se lles conceda praza nalguna materia poderán substituílas por outras nas que existan prazas vacantes, no prazo de dez días inmediatamente seguintes ao de publicación das listaxes.

Nas materias en que a demanda non supere en máis do 15% ás prazas ofertadas, non será necesario facer selección, adxudicándose a todos os alumnos matriculados, agás naquelas materias que polas súas características ou contido práctico non permita un maior número de alumnos e alumnas, e se indique expresamente na oferta de prazas.

- Logo da asignación definitiva das prazas, non se autorizará aos alumnos admitidos a anulación da matrícula destas materias.
- No segundo período de modificación de matrícula (en marzo, no prazo que se indica no anexo I), só se ofertarán as materias do segundo cuadrimestre que tiveran prazas vacantes. A prioridade será por orde temporal de modificación de matrícula e ata cubrir as prazas ofertadas.

#### 2.1.8.4. Imposibilidade de formalizar matrícula en materias de libre elección

Os alumnos e alumnas que se matriculen por primeira vez nunha titulación non poderán solicitar nin cursar materias como créditos de libre configuración curricular. Non obstante, poderán solicitar o recoñecemento ou validación de créditos para a libre configuración curricular de materias, materias de nivelación, seminarios ou actividades académicas que tivesen realizado. Este recoñecemento ou validación non se terá en conta para os efectos de cumprir os requisitos que se esixen para unha nova inscrición no primeiro curso, de acordo co regulado no apartado 3.2 desta convocatoria.

Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:

- Que formalicen matrícula no primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo.
- Que accedan aos segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.
- Aos que lles foi recoñecida a adaptación ou validación de materias troncais, obrigatorias ou optativas da titulación.

Tampouco se poderán matricular en materias de libre elección os alumnos e alumnas que vaian cursar estudos noutra universidade no marco de convenios ou programas de intercambio interuniversitario. Estes alumnos e alumnas deberán matricularse nos créditos de libre elección, de acordo disposto no regulamento de intercambios interuniversitarios.

#### 2.1.8.5. Recoñecemento de materias de nivelación

Os alumnos e alumnas que superaron as materias de nivelación, para que produzan efecto no seu expediente académico, terán que aboar os prezos públicos polos créditos que se recoñezan. A liquidación dos prezos públicos será emitida pola Unidade de Xestión Académica, a pedimento do

interesado. No caso de non facer o pagamento no prazo de 10 días seguintes ao de emisión da liquidación, procederase ao seu requirimento, de acordo co regulado na Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004, sobre o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

Estas materias só poderán ser recoñecidas para os estudos nas que se oferten, sen que proceda o seu recoñecemento para estudos distintos.

#### **2.1.8.6.- Módulos Jean Monnet**

A matrícula nos módulos Jean Monnet, para o seu recoñecemento como créditos de libre elección, que se xestionen nas Unidades de Xestión Académica, deberá realizarse nos seguintes períodos:

- Actividades do primeiro cuadrimestre: do 21 ao 31 de outubro
- Actividades do segundo cuadrimestre: do 16 ao 28 de febreiro

O responsable académico deberá comunicar ao Servizo de Xestión Académica, no mes de setembro, os seguintes datos:

- Número de prazas ofertadas
- Período de realización da actividade

As prazas adxudicaranse por orde temporal de matrícula ata completar as ofertadas. No caso de que non se cubran todas as prazas, o responsable académico poderá propoñer unha ampliación do prazo de matrícula.

O prezo de matrícula será aprobado polo Consello Social. O responsable académico cumprimentará as actas, nos mesmos períodos que as da convocatoria ordinaria, na que figurarán os alumnos e alumnas matriculados coas mencións de "apto" ou "non apto". Os alumnos e alumnas que superen esta actividade non terán que aboar ningún importe polo seu recoñecemento, imputándose directamente ao seu expediente.

Poderá solicitarse a anulación da matrícula nestas actividades nos 15 días naturais seguintes ao de remate do prazo de matrícula. Rematado este prazo non se autorizará ningunha anulación, agás nos casos en que por circunstancias excepcionais e acreditadas se conceda, por resolución reitoral, a anulación total da matrícula e non se realizara a actividade.

#### **2.1.9. Simultaneidade de estudos**

Os alumnos e alumnas que pretendan simultanear dúas titulacións deberán solicitalo na Unidade de Xestión Académica que se corresponda coa titulación onde vaia a iniciar os novos estudos, de acordo co disposto nas normas de xestión académica. De non ter previamente solicitada a autorización, poderase iniciar o procedemento de anulación dunha das matrículas, previa audiencia ao interesado ou interesada. Non caso de que se autorice a simultaneidade con ensinanzas de grao, poderase matricular nun máximo de 75 créditos entre ambos estudos.

#### 2.1.10. Inscripción no grao de licenciado e matrícula nos proxectos ou traballos fin de carreira

Axustaranse aos prazos fixados no anexo I. A matrícula nos proxectos ou traballos fin de carreira reportarán os prezos que se determinan no Decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia.

#### 2.1.11. Requisitos formativos complementarios para a homologación dos títulos estranxeiros

De acordo co que se estableza na resolución de homologación, o alumnado poderá formalizar matrícula por algunha das seguintes opcións, debendo aboar os prezos establecidos no Decreto da Xunta de Galicia.

- Proba de aptitude
- Período de prácticas
- Proxecto ou traballo
- Cursos tutelados

Cando estableza máis dunha opción, será o alumno ou alumna o que opte libremente. Esta opción pode modificarse nos cursos seguintes, manténdose o prazo máximo que se dispón na normativa de homologación de títulos estranxeiros para a superación dos requisitos formativos complementarios.

**2.1.11.1. Proba de aptitude.** Os prazos e procedemento será o establecido para a proba de conxunto, de acordo co establecido no anexo I.

**2.1.11.2. Prácticas, proxecto ou traballo e cursos tutelados.** Deberán presentar a solicitude na Unidade de Xestión Académica correspondente que lle dará traslado ao Servizo de Xestión Académica, para que, logo do informe do centro, resolva sobre a súa admisión. Na resolución indicaráselle os trámites que terá que realizar en función da opción elixida e, de ser o caso, daráselle prazo para formalizar a matrícula na Unidade de Xestión Académica. A solicitude deberá presentarse dentro do período ordinario de matrícula, agás que a resolución ministerial sexa posterior. Neste caso, só poderá solicitarse realizar os cursos tutelados que se oferten no segundo cuadrimestre e deberá matricularse dos cursos tutelados correspondentes ao primeiro cuadrimestre ou anuais no primeiro período do curso inmediatamente seguinte. A realización das prácticas ou do proxecto ou traballo poderá solicitarse en calquera momento.

De ser positiva a resolución tamén se lle dará traslado ao centro para que adopte as medidas necesarias, nomee a titora ou titor, directora ou director ou tribunal que corresponda segundo a opción elixida polo alumno ou alumna.

Unha vez formalizada a matrícula, correspóndelle á Unidade de Xestión Académica remitir ao centro a documentación necesaria para a avaliación do alumno ou alumna así como a anotación no seu expediente do resultado desta.

Se o alumno ou alumna supera integramente os requisitos formativos complementarios previos á homologación, procederase, a petición do interesado, a expedir a certificación acreditativa.

A expedición da certificación acreditativa pon fin ao procedemento e correspóndolle ao alumno a súa acreditación ante o Ministerio.

Os alumnos e alumnas que non superaron os requisitos formativos en cursos anteriores, para matricularse deberán presentar unha nova solicitude e volver a liquidar os prezos correspondentes.

## **2.2. Máster universitario oficial**

### **2.2.1. Inicio de estudos**

Poderán solicitar a admisión ou formalizar matrícula nas ensinanzas conducentes ao título de máster universitario oficial os alumnos e alumnas que reúnan os requisitos xerais de acceso recollidos no artigo 16 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro de 2007 (B.O.E. nº 260 do 30 de outubro), e estean habilitados por posuír algún dos títulos establecidos no anexo IV, polo procedemento que se establece nos apartados seguintes.

Nas solicitudes o alumnado deberá incluír un enderezo de correo electrónico, que será o medio preferente utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se deriven deste proceso. Tamén deberán incluír un teléfono móbil de contacto para a recepción da posible comunicación por SMS. De non ser posible a comunicación por algún destes medios, a comunicación farase a través do taboleiro de anuncios do Servizo de Xestión Académica.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula, e, cando proceda, a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas.

### **2.2.2. Inicio de estudos para titulados universitarios do sistema educativo español**

#### **2.2.2.1. Matrícula en máster sen límite de prazas**

Nos máster sen límite de prazas para inicio de estudos, os alumnos e alumnas deberán cumprimentar os datos de matrícula na secretaría virtual ([www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop)), no prazo establecido no anexo I, declarando a titulación que lle dá acceso, e procederán a realizar a matrícula no máster elixido.

A matrícula quedará formalizada e só estará condicionada á verificación dos datos da titulación de acceso declarados na solicitude. Para estes efectos, os que cursaron os estudos de acceso noutra universidade, deberán remitir ou entregar na Unidade de Xestión Académica correspondente, no prazo de dez días seguintes á realización da matrícula, fotocopia compulsada do título universitario ou da certificación supletoria que acredite ter feito o depósito para a expedición do título, así como a demais documentación que se establece no anexo II.

#### **2.2.2.2. Matrícula provisoria nos máster con límite de prazas e criterios xerais de selección**

Os alumnos e alumnas que pretendan cursar algún dos máster oficiais que constitúen a oferta da USC para o curso 2009/10, que teñan límite de prazas, nos que se apliquen os criterios xerais de selección, deberán cumprimentar os datos de matrícula na secretaría virtual, a través da páxina [www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop), no prazo establecido no anexo I, na que deberán declarar os datos do seu expediente académico correspondente á titulación universitaria que lle dá acceso, e procederán a realizar a matrícula no máster elixido.

As listaxes de matriculados provisoriamente cos admitidos e excluídos publicaranse na páxina web da USC, indicando o prazo para poder desistir da matrícula.

A matrícula será provisoria, non producirá efectos ata que se proceda a adxudicación definitiva das prazas e estará condicionada á posterior verificación dos datos declarados na solicitude.

#### **2.2.2.2.1. Documentación**

Os solicitantes de praza, que cursaron os estudos declarados para o acceso noutra universidade, deberán remitir ou entregar na Unidade de Xestión Académica correspondente, no prazo de dez días seguintes á realización da matrícula, unha certificación académica dos estudos cursados na que figuren todas as materias cursadas e as cualificacións obtidas na titulación declarada para o acceso ao máster, xunto cos documentos que se indican no anexo II. De non presentar esta documentación no devandito prazo, procederase a anulación da matrícula realizada.

Os solicitantes que cursaron os estudos de acceso na USC non terán que achegar ningunha documentación.

#### **2.2.2.2.3. Procedemento de adxudicación de prazas e matrícula**

**2.2.2.2.3.1.** Nos máster en que a matrícula sexa inferior ás prazas ofertadas, adxudicaranse a todos os matriculados que reúnan os requisitos de acceso. As prazas vacantes adxudicaranse, por orde temporal de matrícula, aos interesados que inscriban despois de rematado o prazo de matrícula e acrediten reunir os requisitos de acceso, ata completar o número total de prazas ofertadas, e non terá carácter provisorio. O prazo máximo para autorizar estas matrículas será ata o 15 de outubro de 2009.

**2.2.2.2.3.2.** Nos máster en que a matrícula supere ás prazas ofertadas, procederase a súa asignación segundo os datos declarados polo solicitante e aplicando os criterios que se indican no seguinte apartado. Os alumnos e alumnas que non obteñan praza quedarán en lista de agarda. A asignación de prazas e a lista de agarda publicarase na páxina web da USC, despois de rematado o prazo de matrícula.

Cando o número de matriculados non exceda dun 15% das prazas ofertadas, asignarase praza a todos os solicitantes que reúnan os requisitos, e as matrículas quedarán formalizadas, condicionadas á verificación da titulación de acceso.

**2.2.2.2.3.3.** Nos máster en que a matrícula sexa superior ás prazas ofertadas, para a adxudicación de prazas terase en conta as cotas de reserva que se establecen no anexo IV, as prelacións segundo as titulacións de orixe e a valoración do expediente académico.

As solicitudes ordenaranse, dentro de cada cota e cada grupo de titulacións co mesmo orden de prelación, segundo a media do expediente académico calculada ao abeiro dos disposto no Real Decreto 1497/1987, modificado polo Real Decreto 1267/1994 e polo Real Decreto 1044/2003.

Nos máster en que existen grupos de ingreso e que, unha vez adxudicadas as prazas dun determinado grupo, resultaran prazas vacantes, estas acumularanse ao resto dos grupos, por orde de nota media de expediente.

#### **2.2.2.4. Solicitud de admisión nos máster con límite de prazas e criterios específicos: procedemento de adxudicación de prazas e matrícula**

Nos máster en que se establezan criterios específicos de selección para adxudicar as prazas (experiencia profesional, acreditar a competencia en determinadas materias ou calquera outra que non se axuste aos criterios xerais) será necesario presentar unha solicitude de admisión, previa á matrícula. A comisión académica do máster será quen seleccione ao alumnado.

Para estes efectos, publicaranse na páxina web da USC os criterios de selección e os documentos acreditativos que os interesados deberán presentar de acordo con estes criterios, ademais dos documentos establecidos con carácter xeral (certificación académica e título universitario de acceso, no caso de ter cursados os estudos noutras universidades).

Para solicitar a admisión o alumnado deberá cumprimentar os datos na secretaría virtual, a través da páxina [www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop), no prazo establecido no anexo I, na que deberán declarar os datos do seu expediente académico correspondente á titulación universitaria que lles dá acceso. Para acreditar os estudos realizados noutra universidade, achegaranse os mesmos documentos que se indican no apartado 2.2.2.2.1, nos prazos e lugares que se indican neste apartado.

A documentación acreditativa para a valoración dos criterios específicos presentarase nos órganos de xestión e administración do Master ou por calquera dos medios establecidos na LRXAP-PAC e estará dixido á comisión do máster, e deberá presentala nos 5 días naturais ao de solicitude. As comisións académicas publicarán as prazas adxudicadas e as listaxes de agarda nos 8 días naturais seguintes ao de remate do prazo de solicitudes. Os alumnos admitidos deberán matricularse no prazo que se establece no anexo I. De non matricularse nese prazo, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada e convocaranse aos seguintes da lista de agarda.

Se o número de solicitantes é inferior ao de prazas ofertadas, as comisións de selección poderán autorizar a matrícula dos que reúnan os requisitos ata cubrir as prazas ofertadas. O prazo máximo para autorizar estas matrículas será ata o 15 de outubro de 2009.

#### **2.2.3. Inicio de estudos de titulados procedentes de sistemas educativos doutros países**

Nos máster en que haxa unha cota para alumnos e alumnas con estudos estranxeiros de acceso, a admisión será por orde de solicitude, ata cubrir as prazas ofertadas. Nos máster en que haxa criterios específicos, o solicitante deberá achegar copia simple dos documentos acreditativos, para que a comisión académica do máster emita un informe previo sobre o cumprimento dos requisitos. A admisión deberá solicitarse pola secretaria virtual, no prazo comprendido entre o 21 de xullo e o 31 de agosto, declarando o solicitante a titulación universitaria que posúe. A matrícula farase no mesmo prazo que os establecido para os estudantes españois. Os alumnos admitidos que non se matriculen neste prazo, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada.

A admisión e a matrícula terán carácter provisorio e quedarán condicionadas á verificación da titulación de grao ou equivalente para o acceso aos estudos de posgrao cando sexa expedida por algún dos países asinantes do acordo sobre o espazo europeo de educación superior. No caso de títulos expedidos polos demais países, quedarán condicionadas á concesión da equivalencia da titulación universitaria de acceso das establecidas para o acceso aos estudos de posgrao, de acordo co disposto no artigo 16 do Real Decreto 1393/2007, así como ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan en cada máster. Para estes efectos deberán presentarse, antes do 15 de outubro de 2009, no Servizo de Xestión Académica os documentos académicos debidamente legalizados e/ou traducidos, e, cando proceda, os documentos orixinais acreditativos do cumprimento dos requisitos específicos. A resolución desestimatoria da equivalencia dos estudos estranxeiros cursados para os efectos do ingreso nas titulacións de máster oficial, levará aparellada a anulación de cantos actos se derivaran da admisión e da matrícula formalizada. Tamén procederá a anulación cando non se acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a admisión no máster.

De non cubrirse as prazas ofertadas nesta cota, poderán acumularse á oferta xeral.

#### **2.2.4. Titulacións conxuntas**

Os alumnos e alumnas poderán solicitar simultaneamente praza en cada unha das universidades, pero só poderán matricularse definitivamente nunha universidade. Os alumnos matriculados aos que se lle adxudicou praza noutra universidade poderán anular a súa matrícula no prazo que se indica nesta convocatoria.

#### **2.2.5. Alumnos e alumnas de titulacións de Graduado Superior da USC**

O alumnado que no curso 2005/06 ou anteriores estiveran matriculados nalgunha das titulacións propias de Graduado Superior e non remataran os estudos, poderán cursar os máster oficiais correspondentes mediante os procedementos particulares aprobados, sen que lles sexa de aplicación o límite de prazas establecidos para inicio de estudos.

Os que remataron os estudos do título propio de Graduado Superior en Biotecnoloxía, Xerontoloxía ou Enxeñaría Ambiental, para completar os estudos do máster oficial equivalente, deberán superar os requisitos formativos, consonte ao disposto nas resolucións reitorais do 3 de abril de 2008 que os regulan.

O prazo de matrícula será o establecido para a matrícula de continuación de estudos no máster universitario.

#### **2.2.6. Matrícula**

##### **2.2.6.1. Inicio de estudos a tempo completo**

Os alumnos e alumnas da modalidade a tempo completo deberán formalizar a matrícula en 60 créditos do primeiro curso e, no seu caso, dos módulos de iniciación á investigación, de acordo coa programación do posgrao, e sempre que non exista algunha limitación ou impedimento establecida na oferta ou nas normas que regulan os estudos de posgrao.

Os alumnos e alumnas que acceden directamente ao segundo curso, de acordo co establecido na oferta do máster, deberán matricularse na totalidade de créditos do segundo curso,

agás naqueles en que exista algunha limitación ou impedimento, de acordo coa programación académica.

O prazo para o pagamento dos alumnos matriculados provisoriamente, consonte ao disposto no apartado 2.2.2.2, computará a partir do seguinte ao de publicación das listaxes de asignación das prazas. Para os demais alumnos será desde o momento de realizar a matrícula.

#### **2.2.6.2. Matrícula a tempo parcial**

Nos máster nos que haxa unha cota de prazas de matrícula a tempo parcial, os alumnos e alumnas, unha vez matriculados, poderán solicitar á comisión do máster a matrícula a tempo parcial, de acordo coa oferta de prazas para esta modalidade. A comisión seleccionará aos alumnos, de acordo cos criterios, que deberán facerse públicos, e que deberán ter en conta as causas que impidan realizar os estudos a tempo completo, o que deberá ser acreditado polos solicitantes, e a nota media do expediente académico.

A comisión do máster publicará a relación do alumnado seleccionado para a matrícula a tempo parcial antes do 31 de outubro, que comunicará á Unidade de Xestión Académica correspondente. Os alumnos e alumnas autorizados deberán modificar a súa matrícula no prazo de 5 días seguintes á concesión desta modalidade, e matricularanse en 30 créditos dos ofertados no primeiro curso. No caso de que na ordenación temporal do programa se estableza, deberá incluír os módulos, materias ou créditos que se determinen na oferta de estudos.

#### **2.2.6.3. Continuación de estudos**

Os alumnos e alumnas que continúan os estudos poderán matricularse nos créditos que desexen, de acordo coa programación e coa ordenación temporal dos estudos do máster, cun límite máximo de 75 créditos.

Nos cursos de formación, actividades, prácticas e nos módulos orientados á investigación, a matrícula realizarase de acordo coa programación establecida no posgrao.

#### **2.2.6.4. Créditos de formación adicional**

Se no máster se estableceran créditos de formación adicional, a súa matrícula realizarase conxuntamente coa das demais materias, coas seguintes normas:

a) Os alumnos e alumnas que inicien estudos poderán matricularse nos créditos de formación adicional que desexen.

b) Os alumnos e alumnas que se matriculen no segundo curso do máster, deberán matricularse en todos os créditos de formación adicional que teñan pendentes.

c) Os alumnos e alumnas que se matriculen a tempo parcial poderán matricularse, ademais dos 30 créditos en que deben matricularse obrigatoriamente, nos créditos de formación adicional.

#### **2.2.6.5. Simultaneidade de estudos**

Para a simultaneidade de estudos oficiais de máster será necesaria a previa autorización. Para a súa concesión terase en conta:

a) Que os segundos estudos a cursar non teñan límite de prazas ou que de telo non se cubriaran todas as prazas.

b) Que a suma da matrícula dos dous estudos non supere os 75 ECTS.

c) A formalización da matrícula na etapa de tese será compatible coa matrícula nunha titulación oficial de grao ou posgrao. Neste caso, deberá ter o informe favorable do director ou directora da tese.

#### **2.2.6.6. Alumnado de titulacións conxuntas**

Formalizarán a matrícula mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matricule. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar nas distintas institucións. Para estes efectos, deberá indicar no momento de formalizar a matrícula as disciplinas que pretendan cursar noutra ou noutras universidades, sempre que así figure na oferta. En ningún caso, poderá cursar materias suspensas noutra universidade, nin estar matriculado simultaneamente en máis dunha universidade.

#### **2.2.6.7. Prazo e sistema de matrícula**

O prazo de matrícula para inicio e continuación de estudos é o que se establece no anexo I, e realizarase exclusivamente por Internet, a través da secretaría virtual.

### **2.3. Terceiro ciclo/Doutoramento**

#### **2.3.1. Ámbito de aplicación**

A presente convocatoria abrangue a todos os alumnos e alumnas que pretendan realizar estudos de terceiro ciclo, ao abeiro do Real Decreto 778/1998, tanto na etapa de formación como na etapa de tese, así como os que pretendan iniciar a etapa de doutoramento ao abeiro do Real Decreto 1393/2007.

#### **2.3.2. Admisión e condicións de acceso**

##### **2.3.2.1. Etapa de Formación**

Non se admitirá ningún alumno para iniciar estudos nos cursos de doutoramento, na súa etapa de formación, regulados polo Real Decreto 778/1998. A etapa de formación do que incien estudos conforme o Real Decreto 1393/2007 será a través dos masters oficiais.

##### **2.3.2.2. Etapa de investigación ou etapa de Tese**

###### **2.3.2.2.1. Estudos de acceso**

Poderán acceder á etapa de tese:

a) Os licenciados/as, enxeñeiros/as ou arquitectos/as que teñan o Diploma de Estudos Avanzados (DEA), ou a suficiencia investigadora, ou teñan concedida prórroga indefinida para a presentación e defensa da tese ou os alumnos que realizaron cursos monográficos de doutoramento con anterioridade a entrada en vigor do Real Decreto 185/1985 e se lles concedera a exención do requisito de posesión do DEA para acceder a etapa de tese, consonte a normativa anterior ao Real Decreto 56/2005. Tamén poderán acceder os estudantes estranxeiros que teñan títulos equivalentes aos anteriores, expedidos por unha

universidade ou centro de ensino superior estranxeiros e sempre que se determine pola Universidade a súa equivalencia.

b) Os que estean en posesión dun título oficial de Máster Universitario, ou outro do mesmo nivel expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior. Os que superaran un Máster non orientado ao doutoramento, poderán matricularse condicionadamente á superación dun período de formación en investigación que estableza a universidade e que se determinará por resolución reitoral, previa proposta da comisión académica. A súa superación será requisito previo para proceder a lectura da tese.

Así mesmo, poderase acceder cumprindo algunha das seguintes condicións:

1) Ter superado 60 créditos incluídos nun ou varios Másters Universitarios, de acordo coa oferta da Universidade. De maneira excepcional, poderán acceder ao período de investigación aqueles estudantes que acrediten 60 créditos de nivel de posgraos que foran configurados, de acordo coa normativa que estableza a Universidade, por actividades formativas non incluídas en Másters Universitarios. Este suposto poderá darse por criterios de interese estratéxico para a Universidade ou por motivos científicos que aconsellen a formación de doutores nun ámbito determinado. En todo caso, para a aprobación deste tipo de período de formación, será necesario contar cun informe favorable da axencia avaliadora de acordo co establecido no artigo 24 do real decreto 1393/2007.

2) Estar en posesión dun título de graduado ou graduada cuxa duración, consonte normas de dereito comunitario, sexa de, polo menos, 300 créditos.

c) Os que superaran un Máster orientado ao doutoramento cursado conforme ao Real Decreto 56/2005 e sempre que teñan un título de grao ou equivalente.

d) Os que estean en posesión de título obtido consonte sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior, sen necesidade da súa homologación, pero previa comprobación de que o título acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos españois de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de Doutoramento.

Os alumnos e alumnas con estudos estranxeiros de acceso deberán presentar copias compulsadas, traducidas e legalizadas, segundo o caso, dos documentos acreditativos, consonte á normativa da USC.

#### 2.3.2.2.2. Procedemento de admisión

A solicitude de admisión para acceder á etapa de tese realizarase, a través da secretaría virtual, cumprimentando un formulario, nos prazos que se establezan no calendario de estudos de doutoramento da USC.

Os alumnos e alumnas que xa foron admitidos no curso anterior non terán que presentar unha nova solicitude.

A comisión académica do máster ou os órganos de dirección do departamento ou instituto universitario, segundo o caso, seleccionará aos alumnos e publicará as listas provisórias de admitidos.

Contra esta resolución os alumnos e alumnas poderán presentar reclamacións, diante das comisións académicas, departamentos ou institutos universitarios. Unha vez resoltas, publicarase a lista definitiva de alumnos admitidos para realizar a etapa de tese no curso académico 2009/10.

As comisións académicas, departamentos ou institutos universitarios deberán enviar á **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua** as solicitudes e a documentación académica acreditativa do acceso de todos os alumnos e alumnas admitidos na etapa de tese por primeira vez.

No caso de que queden prazas vacantes no prazo ordinario, poderán autorizarse admisións de solicitudes presentadas despois do primeiro prazo, ata cubrir as prazas ofertadas, con data límite do 30 de novembro de 2009.

### 2.3.3. Matrícula

#### 2.3.3.1. Etapa de formación alumnos de Programas de Doutoramento (Real Decreto 778/1998)

De acordo co disposto no Real Decreto 778/1998 e no Regulamento dos estudos do terceiro ciclo, estes estudos artículanse en dúas etapas:

En aplicación do disposto na Resolución Reitoral do 5 de xullo de 2007, pola que se establece un proceso transitorio de finalización da etapa de formación nos programas de doutoramento que regulados polo Real Decreto 778/1998 inicien o proceso de extinción, a matrícula formalizarase de acordo cos seguintes apartados.

##### 2.3.3.1.1. Primeiro curso (sen docencia)

Os alumnos e alumnas destes programas de doutoramento que non teñan completado o período de docencia disporán deste curso académico para facer ata un máximo de 6 créditos en seminarios, do programa no que estiveran admitidos. O seguimento destes seminarios polo alumno, para os efectos de ser avaliado, non darán dereito a docencia presencial.

##### 2.3.3.1.2. Segundo curso (período de investigación)

Os alumnos e alumnas que realizaran o período de docencia deberán completar un mínimo de 12 créditos mediante a realización de un ou varios traballos coa denominación "Traballo de investigación tutelado" (TIT).

Para se poderen matricular neste período é preciso ter completados 20 créditos do período de docencia, dos cales cando menos 15 deben ser de tipo B do seu programa.

Sen prexuízo do establecido anteriormente, autorizarase a matrícula aos alumnos e alumnas que teñan un máximo de 6 créditos do período anterior pendentos de superar, que deberá superar para que se lle poidan recoñecer os correspondentes ao período de investigación. Estes seminarios non terán docencia.

Cando un alumno ou alumna se matricule por segunda ou sucesivas veces do traballo de investigación tutelado, a mencionada matrícula estará condicionada á aceptación expresa por parte do seu titor ou titora.

Nos programas de doutoramento que iniciaron o seu proceso de extinción no curso académico 2008/09, os alumnos e alumnas que, reunindo os requisitos para isto, non teñan completado o período de investigación disporán deste curso académico, que será o segundo tras o comezo da extinción do programa, para presentar e defender o TIT, segundo a normativa da USC.

Non se poderán matricular nesta etapa, os alumnos e alumnas de programas de doutoramento que iniciaran a súa extinción no curso académico 2007/08 ou anteriores.

### **2.3.3.2. Etapa de Tese/ Etapa de investigación (Real Decreto 1393/2007)**

Os alumnos e alumnas admitidos na etapa de tese deben formalizar unha matrícula de tutela académica, nos prazos que se establecen no anexo I.

Así mesmo, deben formalizar esta matrícula de tutela académica, os alumnos e alumnas que xa foran admitidos e se matricularan en anos anteriores. Neste caso, non será necesaria a admisión previa, podendo optar pola dedicación a tempo completo ou parcial, segundo o tempo que pretendan dedicar á realización da tese.

## **2.4. Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública**

A matrícula na titulación de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, rexerese polo Acordo do Consello de Goberno de 20 de xuño de 2005, polo que se aproba a normativa sobre regulación deste título propio, e o disposto na presente convocatoria coas especificidades aplicables e recollidas no anexo VII.

## **2.5. Posgraos propios**

### **2.5.1. Admisión.**

Os alumnos e alumnas que desexen realizar cursos de posgrao propios na Universidade de Santiago de Compostela deberán solicitar a súa admisión no centro, departamento ou instituto que organice o curso e no prazo que para cada curso se sinale.

O departamento, centro ou instituto organizador decidirá sobre a admisión dos estudantes de acordo cos criterios establecidos na convocatoria do curso, e deberá facer pública a relación de admitidos e excluídos nos sete días seguintes á finalización do prazo de admisión.

Contra as relacións de admisión e exclusión poderase interpoñer recurso ordinario perante o reitor; esta circunstancia será advertida na resolución que faga públicas as relacións.

Os recursos interpostos seranlle remitidos, co correspondente informe de quen organice o curso, á Comisión de Cursos e Convenios.

### **2.5.2. Matrícula.**

Rematando o proceso de admisión, a organización do curso remitiralle á Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua a relación dos alumnos e alumnas admitidos para os efectos da realización da matrícula.

No acto de matrícula o alumno deberá presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do título que lle dá acceso ao curso, agás que cursara eses estudos na USC.
- Fotocopia do D.N.I., NIE ou pasaporte, no caso de ser estranxeiro.

Ademais, deberá aboar os prezos establecidos de matrícula, na forma que determine a convocatoria do curso.

## **2.6. Cuarto ciclo e outros estudos**

A matrícula dos alumnos e alumnas dos estudos de cuarto ciclo e doutros estudos non contemplados nesta convocatoria rexerá polas súas convocatorias específicas.

## **3. IMPEDIMENTOS DA MATRÍCULA**

### **3.1. Limitación de convocatorias por materia**

Os alumnos e alumnas que teñan esgotadas todas as convocatorias que regulamentariamente lles correspondan, non poderán formalizar matrícula nestas materias pero si noutras do mesmo plan de estudos nas que non teña esgotadas as convocatorias e para as que non exista limitación ou impedimentos dos regulados nas normas de xestión académicas, no plans de estudos e nesta convocatoria.

Independentemente da normativa que sexa de aplicación sobre o límite de convocatorias, no caso de que a un estudante lle resten para finalizar os estudos un máximo de 30 créditos, poderá solicitar que non se lle aplique o límite de convocatorias.

### **3.2. Imposibilidade legal de nova inscrición no primeiro curso**

#### **3.2.1. Estudos de primeiro e segundo ciclo**

O alumno que inicia estudos nunha titulación deberá superar como mínimo 30 créditos nun máximo de tres cursos académicos, en materias propias da titulación. De non facelo non poderá continuar os mesmos estudos nesta universidade. A partir do primeiro curso inicial deberá matricularse polo menos dos créditos que lle resten para superar o mínimo establecido.

Esta limitación non é de aplicación aos alumnos e alumnas que estean en posesión dunha titulación universitaria.

#### **3.2.2. Ensinanzas de Grao**

O alumnado que inicia estudos nunha titulación de Grao deberá superar o 50% dos créditos dos que formalice matrícula no primeiro ano (1º e 2º cuatrimestre) nos tres primeiros anos de estudo, consecutivos ou alternos.

O incumprimento deste requisito lle impedirá continuar os estudos do mesmo Grao nesta universidade.

En caso de iniciar os estudos doutro Grao, serán de aplicación os mesmos criterios de limitación de matrícula, sen que se teñan en conta as posibles validacións ou recoñecementos de estudos a estes efectos.

Se neste segundo Grao non cumpre os requisitos establecidos de superar o 50% dos créditos dos que formalice matrícula no primeiro ano nos tres primeiros anos de estudo, non poderá continuar ningún tipo de estudo nesta universidade.

### **3.3. Impedimentos establecidos nos plans de estudo**

#### **3.3.1. Prerrequisitos**

Non se poderá formalizar a matrícula nas materias que teñan establecidas materias prerrequisito, conforme aos regulado nos plans de estudo, de non terse matriculado previa ou simultaneamente nestas últimas, ou de non ter superado previamente as devanditas materias no caso de que así se esixa no plan de estudos.

#### **3.3.2. Prelacións e incompatibilidades**

Poderá formalizarse matrícula nas materias que teñan prelación, sempre que se teña superada a materia ou materias que fan prelación ou que simultaneamente se matricule destas materias, pero para superalas deberán superarse as materias prelación na mesma ou nunha convocatoria anterior. De non superar as materias prelación, o alumno figurará nas actas de exame da materia que ten as prelacións coa mención "sen cualificar", de acordo co establecido nas normas de xestión académica e nas normas sobre elaboración de actas de exame.

Non se poderá formalizar matrícula naquelas materias que polas súas características (prácticas clínicas, de laboratorio, etc.) se esixa ter superadas as materias prelación. Esta esixencia deberá figurar na oferta académica.

#### **3.3.3. Acceso aos segundos ciclos**

Non se poderá formalizar a matrícula en ningunha materia do segundo ciclo de non reunir os requisitos establecidos nos plans de estudos para o acceso ao segundo ciclo. Os alumnos e alumnas poderán imputar no expediente materias de segundo ciclo que lle foran adaptadas ou validadas sen que isto lle dea dereito a matricularse noutras materias do segundo ciclo. No caso de reunir os requisitos esixidos tras a convocatoria de exames do primeiro cuatrimestre, poderán ampliar matrícula en materias do segundo ciclo nos períodos establecidos nesta convocatoria para a matrícula no segundo cuatrimestre.

### **3.4. Materias sen docencia**

#### **3.4.1. De plans en proceso de extinción**

Nas materias das que non se imparta docencia soamente poderán matricularse os alumnos e alumnas que estean a cursar estudos polo devandito plan, así como aqueles que, procedentes doutras universidades, sexan admitidos de acordo co establecido nas Normas de Xestión Académica.

O alumnado que completou estudos destas titulacións non poderán matricularse en materias

sen docencia, agás que sexa para completar unha orientación e xa tiveran realizada a docencia en cursos anteriores. Neste caso deberán ser previamente autorizados.

Os alumnos e alumnas doutras universidades que cursen estudos nesta universidade en virtude de programa ou convenio de intercambio, non se poderán matricular en materias sen docencia, en ningún caso.

### **3.4.2. De plans estruturados en créditos**

Nas materias optativas que tiveran docencia no curso anterior ou anteriores e non se imparta docencia no presente curso, só poderán matricularse os alumnos e alumnas que estiveron matriculados no período no que se impartiu docencia da materia.

### **3.5. Matrícula en titulacións en proceso de extinción**

Non procederá a matrícula en titulacións en proceso de extinción cando se teñan materias pendentes que estean xa extinguidas.

Os alumnos e alumnas adaptados a un novo plan de estudos non poderán, en ningún caso, matricularse de materias do plan de procedencia.

En ningún caso procederá a matrícula en materias de plans extinguidos e, polo tanto, tampouco poderán matricularse os alumnos e alumnas que pretendan acollerse aos convenios entre universidades para cursar materias de plans extinguidos na súa universidade de orixe.

### **3.6. Impedimento de matrícula no máster oficial**

O alumnado que non supere ningún crédito nun máster universitario oficial non poderá matricularse no mesmo programa durante dous anos. Transcorrido este período, se desexa volver a iniciar estes estudos, deberá someterse a un novo proceso de admisión no programa.

### **3.7. Programas de doutoramento en vías de extinción**

Os alumnos e alumnas que vaian formalizar matrícula nalgún dos programas de doutoramento regulados polo Real Decreto 778/1998, unha vez iniciado o proceso de extinción, rexeranse pola Resolución Reitoral do 6 de xullo de 2007, que establece o proceso transitorio de finalización da etapa de formación nestes programas de doutoramento.

## **4. CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS DE EXAME**

### **4.1. Fin de carreira**

#### **4.1.1. Requisitos de inscrición**

Poderán concorrer a esta convocatoria os alumnos e alumnas de titulacións de 1º e 2º ciclo aos que lles resten 40 créditos para concluír os seus estudos, aínda que non estiveran matriculados

con anterioridade nestas materias ou créditos. Este requisito deberá entenderse só das materias ou créditos necesarios para obter a titulación.

A inscrición formalizarase da totalidade ou de parte das materias ou créditos que resten para finalizar os estudos e realizarase conxuntamente coa matrícula ou no primeiro prazo de modificación de matrícula. En ningún caso procederá a inscrición con posterioridade a realización dos exames.

#### **4.1.2. Titulacións con proxectos ou traballos fin de carreira**

Os alumnos e alumnas de titulacións de 1º e 2º ciclo nas que se esixa ter todas as materias do plan de estudos superadas para a realización do proxecto ou traballo fin de carreira, poderán inscribirse na convocatoria de fin de carreira nas demais materias ou créditos que teñan pendentes para concluír os seus estudos, sempre que reúnan os requisitos esixidos nesta convocatoria. Para o cómputo do número de créditos non se terán en conta os do traballo ou proxecto fin de carreira, agás nos casos que para realizalo non se precise ter superadas todas as demais materias que conforman o plan de estudos.

#### **4.1.3. Exclusiones da inscrición da convocatoria extraordinaria de fin de carreira**

Non se poderán inscribir na convocatoria extraordinaria de fin de carreira os alumnos e alumnas de 1º e 2º ciclo que teñan superadas a totalidade das materias e créditos esixidos para a obtención do título.

Quedan excluídas da convocatoria de fin de carreira as seguintes materias ou actividades:

- Os practicum
- As estancias da Licenciatura en Farmacia
- As estancias da Licenciatura en Veterinaria
- Os traballos academicamente dirixidos
- As materias que esixan a superación de prácticas para ser aprobadas agás que os centros autoricen o contrario
- Os traballos ou proxectos fin de carreira.

Non obstante, o alumnado que teña pendentes de superar algunha destas materias ou actividades, poderán inscribirse para concorrer aos exames da convocatoria de fin de carreira no resto das materias que teñan pendentes para concluír os seus estudos, sempre que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria. Para estes efectos, computaranse os créditos das materias ou actividades excluídas, agás os traballos ou proxectos de fin de carreira, de acordo co disposto no apartado 4.1.2 desta convocatoria.

#### **4.2. Cómputo de convocatorias**

Os alumnos e alumnas que se inscriban na convocatoria extraordinaria de exames ou na de fin de carreira, se non se presentan nos exames desta convocatoria, poderán concorrer aos exames da primeira e segunda convocatorias ordinarias do curso académico, sempre que non incorran nalgún impedimento por ter esgotadas o número máximo de convocatorias da materia.

## 5. PRAZOS DE MATRÍCULA E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

### 5.1. Prazos

A matrícula e as súas modificacións axustaranse aos prazos establecidos no anexo I.

### 5.2. Cambios de titulación

Os cambios de matrícula entre titulacións de 1º, 2º ciclo e ensinanza de Grao ou do 3º ciclo da Universidade de Santiago de Compostela, cando supoñan o cambio entre titulacións sen límite de prazos ou dunha con límite a outra sen límite, e que non contraveñan o disposto na presente convocatoria ou nos acordos ou resolucións do réxime do alumnado, serán resoltas polos xefes das unidades de xestión académica ou polo xefe da Sección de Sección de Posgrao e 3º Ciclo, segundo corresponda, sempre que estas se solicitaran antes de que remate o prazo de modificación de matrícula do primeiro cuatrimestre.

### 5.3. Desistencia total (anulación total da matrícula)

Os alumnos e alumnas poderán solicitar a desistencia total (anulación total da matrícula) ata o 15 de novembro de 2009, agás os de máster universitario que terán un prazo ata o 15 de outubro de 2009, en aplicación do disposto no acordo do Consello de Goberno do 30 de maio de 2008.

A desistencia solicitada fóra dos prazos establecidos, de ser resolta favorablemente, non dará dereito á devolución dos prezos públicos, manténdose a débeda dos prezos deixados de aboar.

Non procederá, en ningún caso, a desistencia ou anulación total da matrícula cando o alumno xa concorrera a algunha convocatoria de exames, ordinaria ou extraordinaria, aínda que fora admitido para cursar estudos noutra universidade.

Non procederá a anulación da matrícula realizada para a homologación do título universitario oficial (probos de conxunto, proba de aptitude, período de prácticas, proxecto ou traballo, cursos tutelados), despois de rematado o prazo de inscrición.

### 5.4. Ampliación e modificación de matrícula

Enténdese por modificación a substitución dunhas materias por outras ou a anulación dalgunha das materias matriculadas.

Só se poderá solicitar a ampliación ou modificación da matrícula unha única vez tras cada período de matrícula e nos prazos que se indican no anexo I.

As ampliacións e modificacións de matrícula estarán sometidas ás limitacións e impedimentos que se establecen na convocatoria de matrícula, nos plans ou programas de estudo e nas normas de xestión académica.

As ampliacións e modificacións de matrícula, en calquera dos períodos, só poderá realizarse por Internet, a través da secretaría virtual, agás cando se requira autorización previa.

Para as ampliacións e modificacións de matrícula dos estudos de máster oficial e de terceiro ciclo será de aplicación o regulado neste apartado e o disposto especificamente nos apartados correspondentes a estes estudos (apartados 5.5. e 5.6).

#### **5.4.1. Primeiro período de modificación de matrícula**

Neste período, os alumnos e alumnas poderán ampliar ou modificar a matrícula realizada, de calquera das materias matriculadas. Se, como consecuencia da modificación da matrícula, resultara un importe a devolver, procederá iniciar, a pedimento do interesado, un expediente de devolución dos prezos públicos.

#### **5.4.2. Modificación de matrícula dos alumnos e alumnas admitidos para a realización de prácticas en empresa ou outras institucións**

Os alumnos admitidos para realizar prácticas en empresas ou noutras institucións convocadas polos centros, Consello Social ou Feuga poderán modificar a súa matrícula no prazo de cinco días seguintes a aquel en que foron seleccionados. Unicamente poderán anular un número de créditos igual ou inferior, do mesmo tipo, e sempre que non se celebren os exames da materia ou materias que pretendan anular.

#### **5.4.3. Matrícula e modificacións de matrícula no segundo cuatrimestre**

##### **5.4.3.1 Inicio de estudos en titulacións de primeiro e segundo ciclo e en ensinanzas de Grao**

**5.4.3.1.1.** Poderán matricularse nas titulacións sen límite de prazas, ou con límite nas que quedaron prazas vacantes, os alumnos e alumnas que reúnan os requisitos de acceso á universidade neste período de matrícula e que non se matricularon, no presente curso académico, en estudos universitarios. Tamén poderán matricularse os que remataron outros estudos universitarios en convocatorias extraordinarias, de fin de carreira ou no primeiro cuatrimestre.

**5.4.3.1.2.** Os alumnos e alumnas que xa tiveran iniciados e non concluídos estudos universitarios noutra universidade, poderán solicitar a súa admisión para iniciar os estudos indicados no apartado anterior, sempre que non se tiveran matriculado no presente curso académico ou ben que cumpran os requisitos para simultanear estudos universitarios.

**5.4.3.1.3.** Os alumnos e alumnas que inicien estudos poderán matricularse nas materias ofertadas para alumnos de primeiro curso, agás as correspondentes ao primeiro cuatrimestre, debendo matricularse nun mínimo de 30 créditos.

##### **5.4.3.2. Continuación de estudos en titulacións de primeiro e segundo ciclo e en ensinanzas de Grao**

**5.4.3.2.1.** Poderán matricularse para continuar os estudos xa iniciados, os alumnos desta universidade que non se matricularon no período ordinario de matrícula.

**5.4.3.2.2.** Os alumnos e alumnas que iniciaran os estudos noutra universidade, en cursos académicos anteriores, poderán solicitar a súa admisión para continuar os mesmos

estudos, agás en titulacións nas que se estableceu cota de prazas. Non procederá a admisión de alumnos que xa se matricularon, no presente curso académico, noutra universidade.

5.4.3.2.3. Estes alumnos poderán matricularse en materias anuais e do segundo cuadrimestre.

### 5.4.3.3. Segundos ciclos

5.4.3.3.1. **Sen límite de prazas.** Poderán matricularse en titulacións de só segundo ciclo ou en estudos de segundo ciclo aos que se acceda desde outros estudos universitarios, para os que non se estableceron límites de prazas, os alumnos e alumnas que reúnan os requisitos de acceso neste período de matrícula e non se matricularan noutros estudos universitarios, ou que reúnan as condicións para simultanear estudos. Os alumnos que cursaron e non concluíron estudos noutra universidade, terán que solicitar previamente a admisión nos prazos indicados nesta resolución.

5.4.3.3.2. **Con límite de prazas.** Para as titulacións con límite de prazas nas que quedaron prazas vacantes no primeiro período de admisión, deberá facerse unha preinscrición nos prazos que se indican no anexo I desta resolución.

### 5.4.3.4. Ampliación e modificación de matrícula no segundo cuadrimestre en titulacións de primeiro e segundo ciclo e en ensinanza de Grao

5.4.3.4.1. **Ampliación de matrícula.** Poderá ampliarse a matrícula en materias anuais e do segundo cuadrimestre de calquera tipo (troncais, obrigatorias, optativas ou de libre elección).

5.4.3.4.2. **Ampliación de matrícula en materias do segundo ciclo.** Os alumnos e alumnas que non reuniran os requisitos para matricularse en materias do segundo ciclo no período ordinario de matrícula e que os cumpren tras os exames do primeiro cuadrimestre, poderán matricularse nesas materias, aplicándose as mesmas condicións e requisitos que para as demais ampliacións e modificacións que se regulan nesta resolución.

5.4.3.4.3. **Modificación de materias.** Só poderán modificarse as materias optativas e de libre elección do segundo cuadrimestre, coas limitacións que se establecen nesta convocatoria. Non procederá, en ningún caso, a anulación de matrícula en materias de libre elección nas que foi preciso facer unha asignación de prazas, no primeiro período, por ter unha demanda superior á oferta.

5.4.3.4.4. **Materias de libre elección.** Nas materias anuais e do segundo cuadrimestre que teñen límite de prazas e nas que non se cubriron todas as prazas ofertadas, poderá realizarse a matrícula ata cubrir o número total de prazas.

5.4.3.5. **Límite de modificacións.** Só se poderá realizar unha ampliación e/ou modificación de matrícula neste prazo, e o número de créditos resultante non poderá ser inferior aos inicialmente matriculados. Excepcionalmente, para os efectos de facilitar o axuste dos créditos por cambio de materias optativas ou de libre elección, autorizarase que o número de créditos resultante da

modificación sexa como máximo 2 créditos menos que os inicialmente matriculados. Neste caso, non procederá a devolución de prezos públicos.

### **5.5. Máster oficial**

Durante o mes de outubro, os alumnos e alumnas poderán modificar a súa matrícula consonte as orientacións académicas que reciban.

No período comprendido entre o 16 ao 31 de marzo, poderán solicitar a ampliación ou modificación da matrícula das materias do segundo cuatrimestre, que deberá ser autorizada previamente polo coordinador ou coordinadora do programa, aplicándose as limitacións, impedimentos e requisitos establecidos na normativa que regula os estudos de posgrao, na oferta do máster, e nesta convocatoria.

### **5.6. Estudos do Terceiro Ciclo**

Os alumnos e alumnas da etapa de formación poderán modificar a súa matrícula nos mesmos períodos que os establecidos con carácter xeral, que se indican no anexo I, coas limitacións que se establezan no programa de doutoramento, e con autorización previa do coordinador ou coordinadora do programa de doutoramento.

As modificacións de matrícula que requiran autorización previa serán tramitadas pola Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

### **5.7. Adaptacións, validacións e recoñecementos de estudos**

5.7.1. Para as solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo ordinario de matrícula, polo que o alumno terá dereito a modificar a matrícula no prazo dos dez días seguinte ao de resolución, logo de que se dite a resolución, procederase do seguinte modo:

5.7.1.1. Se o alumno está matriculado nas materias adaptadas, validadas ou recoñecidas, a eficacia será desde que se dite a resolución, pois neste suposto o alumno non terá que efectuar o pagamento a que se refire o artigo 49 das normas de xestión académica, xa que tivo que aboar o importe da matrícula desas materias. Neste caso, procederá a devolución dos prezos públicos, sempre que o alumno non concorrera a unha convocatoria de exames.

5.7.1.2. Se o alumno concorreu a unha convocatoria de exames de materias antes de que se dite a resolución de adaptación, validación ou recoñecemento de estudos, a cualificación obtida figurará no seu expediente, sen que proceda anular a matrícula, nin a devolución de prezos públicos. Se non supera algunha destas materias, aplicarase a adaptación, validación ou recoñecemento con efectos posteriores a esa convocatoria.

5.7.2. Para as solicitudes presentadas noutros períodos e que non dan dereito a modificar ou anular matrícula:

5.7.2.1. Se o alumno está matriculado nas materias adaptadas, validadas ou recoñecidas, non procederá en ningún caso a modificación da matrícula, nin a devolución de prezos públicos. Non obstante, aplicarase a resolución de adaptación, validación ou recoñecemento de estudos nas

materias en que figura matriculado, por canto xa ten aboados os prezos de matrícula (agás que teña algunha exención ou subvención).

5.7.2.2. Se o alumno concorreu a unha convocatoria de exames, aplicarase o disposto no apartado 5.7.1 desta instrución.

5.7.3. Os alumnos e alumnas que teñan solicitado adaptación, validación ou recoñecemento de estudos se antes da súa resolución desexan concorrer aos exames dunha convocatoria, terán que estar matriculados nas materias correspondentes.

5.7.4. Nos recoñecementos de prácticas, cursos, seminarios, xornadas e outras actividades como créditos de libre elección cuxa eficacia está condicionada ao pagamento dos prezos públicos correspondentes, no caso de que o alumno solicite a emisión da liquidación do pagamento, poderá desistir do recoñecemento nun prazo de dez días. Transcorrido ese prazo, no caso de non efectuar ao pagamento, procederase á reclamación da débeda, en aplicación do establecido na Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004, sobre o procedemento para a recadación de impagados por prezos de matrícula. O recoñecemento producirá efectos no expediente académico desde o momento en que se proceda ao pagamento dos créditos ou, no caso de estar exento, desde o día en que se solicite.

5.7.5. Non se admitirá ningunha anulación das adaptacións, validacións e recoñecementos de estudos que xa produciran efectos no expediente académico.

## 6. LUGARES E SISTEMAS DE MATRÍCULA

### 6.1. Lugares

Os alumnos e alumnas de 1º e 2º ciclo, **ensinanzas de grao e de titulacións propias** realizarán tanto a matrícula como calquera outro trámite de xestión académica a través da Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente á súa titulación ou por vía telemática conforme ao establecido no artigo seguinte.

### 6.2. Sistemas de matrícula

#### 6.2.1. Presencial

Os alumnos e alumnas que inicien estudos poderán optar entre a matrícula presencial ou a matrícula por internet.

Tamén se matricularán por esta modalidade os que expresamente estean excluídos da modalidade de matrícula por internet.

Os alumnos e alumnas que formalicen matrícula por este sistema deberán cubrir os impresos e deberán presentalos na Unidade de Xestión Académica correspondente dentro dos prazos establecidos nesta convocatoria.

## 6.2.2. Internet (secretaría virtual)

### 6.2.2.1. Estudos de 1º e 2º ciclo e ensinanzas de Grao

Os alumnos e alumnas que continúen os seus estudos de primeiro e segundo ciclo e das ensinanzas de Grao deberán formalizar a súa matrícula a través da páxina web da USC [www.usc.es/matricula](http://www.usc.es/matricula).

Quedan excluídos desta posibilidade os seguintes alumnos e alumnas:

- Os que acceden por validación parcial de estudos estranxeiros.
- Doutras universidades que cursan estudos na USC en virtude de programas de intercambio interuniversitario ERASMUS e SICUE, ou de convenio bilateral.
- De matrícula extraordinaria.
- Visitantes.
- Os que soliciten simultanear estudos, na segunda titulación

As ampliacións e modificacións de matrícula realizaranse sempre por este sistema.

### 6.2.2.2. Máster oficial

Os alumnos e alumnas de **máster universitario oficial** realizarán a matrícula exclusivamente por Internet, a través da páxina [www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop). Para as modificacións de matrícula ou calquera outro trámite relacionado co seu expediente académico farán as xestións na correspondente Unidade de Xestión Académica á que estea adscrita a titulación, segundo se relaciona no anexo VIII.

### 6.2.2.3. Estudos de Doutoramento

Os alumnos e alumnas de **3º Ciclo** tanto da etapa de formación como da etapa de tese, formalizarán a súa matrícula nos prazos que se indican no anexo I a través da Secretaría Virtual da USC.

Quedan excluídos desta posibilidade os seguintes alumnos e alumnas:

- De matrícula ordinaria en programas de doutoramento semipresenciais suxeitos a convenio
- De matrícula complementaria en estudos de terceiro ciclo
- De matrícula ordinaria en programas de doutoramento en vías de extinción

### 6.2.2.4. Imposibilidade de matrícula a través da secretaría virtual

De non ser posible a realización da matrícula por internet, deberá formalizarse na Unidade de Xestión Académica que corresponda á titulación ou, no caso dos estudos de doutoramento, nas seguintes unidades administrativas:



### **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua**

Pavillón Estudantil (Campus Sur)

15782 Santiago de Compostela

Telf. 981 563 100 – Ext. 14585 – 14586 - 14587

### **Negociado de Alumnos e Información**

Edificio da Biblioteca Intercentros (Campus Universitario)

27002 Lugo

Telf. 981 563 100 – Ext. 23588 - 23577

## **7. DOCUMENTOS**

Os alumnos e alumnas deberán presentar xunto coa solicitude de matrícula, ou cando lle sexan requiridos, os documentos orixinais ou debidamente legalizados que se relacionan nos anexos II e III.

## **8. PREZOS PÚBLICOS**

### **8.1. Titulacións oficiais**

As matrículas que se formalicen na USC, en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais, tanto para inicio como para continuación de estudos, reportarán os prezos que estableza para cada curso académico o Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Os alumnos e alumnas deberán aboar, ademais, os prezos comúns ás titulacións oficiais e propias que se regulan no apartado 8.3 desta convocatoria.

**8.1.1. Matrícula en materias de libre elección.**- Para os efectos de liquidación de prezos públicos terán a mesma consideración que a matrícula en materias da propia titulación coas seguintes excepcións:

- **Materias de titulacións impartidas en centros adscritos:** a matrícula nestas materias liquidarase de acordo co prezo fixado polo centro adscrito máis o 25% dos prezos públicos que estableza o Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia para o curso 2009/10.
- **Materias pertencentes a máster oficial)** serán liquidadas de acordo co prezo establecido para estas titulacións.

**8.1.2. Etapa de tese dos estudos de Doutoramento.**- Os alumnos e alumnas que se matriculen na etapa de tese deberán aboar, ademais dos prezos comúns, o prezo da titoría anual de doutoramento que estableza o Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia para o curso 2009/10.

## **8.2. Titulacións propias da USC**

Os estudantes que formalicen matrícula en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos propios, deberán aboar os prezos que para cada unha das titulacións teña aprobado o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, e que se farán públicos mediante a resolución reitoral que desenvolverá o devandito acordo, polos conceptos de matrícula e servizos docentes, así como os prezos comúns que se regulan no apartado 8.3 desta convocatoria.

## **8.3. Prezos comúns ás titulacións oficiais e propias:**

### **8.3.1. Apertura de expediente**

Aboarán os prezos por este concepto os alumnos e alumnas que inicien estudos nunha titulación, independentemente da forma de acceso. Igualmente reportarán estes prezos públicos os alumnos que trasladen o seu expediente doutra universidade para continuar os mesmos ou outros estudos na USC.

### **8.3.2. Expedición e mantemento da tarxeta de identidade**

Este importe aboarase anualmente conxuntamente coa matrícula en concepto de expedición ou mantemento. Aboarase unha soa vez por curso académico, calquera que sexa a titulación ou titulacións das que se matricule o alumno.

### **8.3.3. Soporte e documentación da matrícula**

Están obrigados ao seu pagamento todos o alumnado que formalice matrícula na USC, independentemente da titulación e na contía que corresponda segundo sistema de formalización de matrícula elixido.

### **8.3.4. Seguro escolar**

Todo o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela menores de 28 anos que cursen estudos oficiais, están obrigados ao pagamento do seguro escolar. Este seguro aboarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen. O alumnado poderá subscribir un seguro complementario e voluntario de accidentes.

### **8.3.5. Seguro obrigatorio**

O alumnado que curse estudos na USC e estea fóra da cobertura do seguro escolar, está obrigado á subscrición dun seguro obrigatorio segundo o establecido no correspondente acordo do Consello de Goberno. Tamén estará obrigado ao pagamento deste seguro, o alumnado que curse estudos noutra universidade ou institución educativa en virtude de programas ou convenios interuniversitarios de intercambio. A liquidación deste seguro farase coa da matrícula e as Unidades de Xestión Académica verificarán o cumprimento deste requisito. O seu importe será o que fixe a USC para cada curso académico. Poderá exceptuarse desta obriga os cursos de formación continua con docencia e avaliación exclusivamente virtual.

#### **8.4. Formas de pagamento dos prezos públicos:**

**8.4.1.** Os alumnos e alumnas, no momento da presentación da solicitude da matrícula, poderán optar polo pagamento íntegro ou fraccionado en tres prazos. Este importe poderá aboarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria ou con tarxeta de débito. De facerse en efectivo deberá realizarse en calquera das catro entidades bancarias colaboradoras coa USC, isto é, Caixa Galicia, Caixanova, Caixa Rural Galega e Banco Santander. Se é mediante tarxeta, esta deberá ser de débito das entidades Caixa Galicia, Caixanova e Caixa Rural Galega e, de ser domiciliado poderá facerse en calquera entidade financeira do territorio español.

**8.4.2.** No suposto de pagamento fraccionado, o primeiro prazo efectuarase polo importe correspondente ao 50%, nos dez días seguintes ao de ter feita a matrícula, o segundo prazo, que se pagará no mes de decembro, polo importe do 25%, e o terceiro prazo, na primeira quincena de marzo, polo restante 25%.

No caso de que se autorice a matrícula ou modificación da matrícula a partir do mes de decembro e antes de marzo, poderase fraccionar o pagamento en 2 prazos. Neste caso, o primeiro prazo será o 75% do importe da matrícula, que deberá aboarse dentro dos 10 días seguintes á data de emisión da liquidación, e o segundo prazo, na primeira quincena de marzo, polo restante 25%. Non se admitirán fraccionamentos de pagamento nas matrículas e modificacións de matrícula que se realicen a partir do mes de marzo.

**8.4.3.** Os conceptos de apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar ou obrigatorio e soporte e documentación, non poderán fraccionarse, de xeito que se liquidarán integramente xunto co primeiro prazo.

#### **8.5. Confirmación da liquidación da matrícula**

A confirmación de ingresos e conciliación da liquidación da matrícula realizarase de xeito automático entre a entidade bancaria colaboradora e a USC, a través do Servizo de Contabilidade.

O alumnado non precisa presentar ningún recibo acreditativo para xustificar o pagamento da matrícula, agás que lle sexa requirido.

### **9. EXENCIÓN, REDUCIÓN OU SUBVENCIÓN DO PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS**

#### **9.1. Solicitantes de bolsa do Ministerio de Educación e Ciencia (MEC)**

**9.1.1.** Os alumnos e alumnas **solicitantes de bolsa** de estudos poderán adiar o pagamento dos prezos de matrícula ata que se resolva o seu pedimento, agás que non reúnan os requisitos esixidos polas convocatorias do MEC, debendo neste caso aboar o importe correspondente, sen prexuízo de que, no caso de que a bolsa lles fose concedida, soliciten a devolución dos prezos aboados. Os

alumnos aos que lles sexa denegada a bolsa solicitada deberán proceder ao seu pagamento nos 10 días seguintes a recepción da notificación.

En calquera suposto, os bolseiros aboarán os importes correspondentes por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación.

**9.1.2.** Os alumnos e alumnas que se matriculen como **solicitantes de bolsa** e posteriormente non presenten a solicitude, deberán proceder a liquidar a matrícula nos 10 días seguintes ao remate do prazo de solicitude da bolsa, de non facelo así, iniciarase o procedemento de recadación de impagados establecido na Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004, que poderá dar lugar ao recargo aprobado por acordo do Consello de Goberno do 29/09/2004 e ratificado por acordo do Consello Social do 18/11/2004.

## **9.2. Solicitantes de bolsa e bolseiros doutros organismos públicos ou privados**

No suposto de que o estudante sexa solicitante ou beneficiario dunha bolsa distinta ás referidas na alínea anterior, para acollerse á exención dos prezos públicos por servizos académicos, a correspondente convocatoria deberá dicir, explicitamente, que o seu beneficiario está exento do pagamento dos prezos públicos e que o organismo ou institución convocante compensará á universidade polo importe dos ingresos que por este motivo deixe de percibir. De requirírselle, o alumno deberá manifestar en que diario oficial foi publicada a convocatoria da bolsa ou a referencia ao convenio no que pretenda sustentar a exención.

## **9.3. Matrícula de honra**

**9.3.1. Exención total.** Alumnos e alumnas con matrícula de honra na avaliación final de COU, no 2º curso de bacharelato LOXSE ou con premio extraordinario no bacharelato, así como os que teñan matrícula de honra no ciclo superior de formación profesional.

**9.3.2. Exención parcial.** Alumnos e alumnas universitarios con matrícula de honra nalgunha materia.

## **9.4. Beneficiarios de familias numerosas**

Conforme ao disposto na Lei de protección das familias numerosas, os alumnos e alumnas poderán acollerse a este beneficio sempre que o seu correspondente título acreditativo estea vixente no prazo ordinario de matrícula, ou ben acrediten ter solicitado a súa expedición ou renovación no devandito prazo. Neste último suposto, deberá acreditar a súa posesión posteriormente, antes do 31 de decembro do ano en que se inicia o curso académico, en caso contrario non se aplicarán os beneficios por este concepto, aínda que presente o título de familia numerosa con posterioridade. Para estes efectos, entenderase como prazo ordinario de matrícula o período comprendido entre o primeiro día de matrícula para iniciar estudos ata o último día no que se permita formalizala, ben para iniciar ou continuar estudos no primeiro cuatrimestre. A redución ou exención do pagamento por este concepto non exime nin reduce o pagamento dos prezos por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación.

## **9.5. Outras exencións legalmente establecidas**

Estarán exentos do pagamento de prezos públicos de matrícula os alumnos e alumnas que estean nalgún dos seguintes casos, recoñecidos legalmente:

**9.5.1. Discapacidade.** Os que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. Deberán presentar o documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de minusvalía.

**9.5.2. Vítimas de actos terroristas.** Será de aplicación ás vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas.

Esta condición acreditarase de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, que deberá estar en vigor no prazo de matrícula.

**9.5.3. Violencia de xénero.** Será de aplicación ás persoas que sofren violencia de xénero, así como aos seus fillos.

Esta situación acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero
- c) Certificación dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou Local
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia
- f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social
- g) Calquera outro que se estableza legalo u regulamentariamente

## **9.6. Beneficiarios de axudas e subvencións da universidade**

Os alumnos e alumnas beneficiarios das axudas ao estudo establecidas pola USC poderán adiar o pago do importe da matrícula ata que non se resolva a axuda ou subvención solicitada. Para tales efectos deberán manifestar, ao realizar a matrícula por calquera dos sistemas que ten establecidos a USC, a súa condición de solicitante desta axuda ou subvención sen necesidade de presentación da solicitude. Será a universidade a que, segundo o disposto na Resolución que regule estas axudas, envíe aos interesados os impresos de solicitude, para que sexan cubertos, ao enderezo correspondente. Os solicitantes destas axudas deberán aboar os prezos por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación. Os alumnos e alumnas que se matriculen como beneficiarios de axudas e posteriormente non presenten a solicitude, deberán proceder a liquidar a matrícula nos 10 días seguintes ao remate do prazo de solicitude da bolsa, de non facelo así iniciarase o procedemento de recadación de impagados establecido na Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004, que poderá dar lugar ao recargo aprobado por acordo do Consello de Goberno do 29/09/2004 e ratificado por acordo do Consello Social do 18/11/2004.

As axudas e subvencións para o persoal das universidades da Coruña e Vigo e da Consellería de Educación Ordenación e Educación Universitaria estará condicionada á compensación ou reintegro á Universidade de Santiago de Compostela por parte destas institucións.

### 9.7. Exclusións

Non será de aplicación ningún tipo de exención, redución ou subvención de prezos públicos aos alumnos e alumnas que se matriculen en titulacións propias da Universidade de Santiago de Compostela.

### 9.8. Documentos

Os documentos que se deberán achegar para a aplicación das exencións, redución ou subvención dos prezos públicos deberán estar en vigor no prazo ordinario de matrícula. Para estes efectos, entenderase por prazo ordinario de matrícula o primeiro período que se indica no anexo I para inicio de estudos en titulacións sen límite de prazos.

## 10. ESTADOS E EFECTOS DA MATRÍCULA

### 10.1 Estados da matrícula

A matrícula formalizada poderá quedar nun dos seguintes estados:

- **Activa.** Cando comprobado que reúne os requisitos de acceso aos estudos e efectuado o pagamento dos prezos públicos. Esta matrícula outorgará plenos dereitos aos estudantes.
- **Suspendida.** Cando se estea pendente de acreditar documentos necesarios para formalizar matrícula ou teña algún pagamento pendente e se inicie procedemento de recadación extraordinaria. Esta matrícula supón a limitación de dereitos tales como o acceso o expediente, expedición de certificados e títulos e imposibilidade de matricularse noutros estudos ou modificar a matrícula. Neste estadio a débeda manterase vixente e procederá a súa reclamación por vía ordinaria e executiva.
- **Arquivada.** Cando requiridos os documentos de acceso aos estudos ou o pagamento da totalidade dos prezos, non se achegan os documentos ou non se realizara ningún pagamento. A matrícula non terá efectos, pero o interesado/a manterá a débeda dos prezos de secretaría.
- **Desistida.** Cando se solicita no prazo establecido a desistencia ou anulación da matrícula ou se dan as circunstancias establecidas na normativa para proceder a anulación. Neste suposto, deberán aboarse as tarifas de secretaría.

### 10.2. Dereitos e deberes

Sen prexuízo de calquera outro dereito ou obrigas legalmente establecidas, a matrícula realizada de acordo coas presentes normas supón:

- 1) O dereito de asistencia ás clases teóricas e prácticas de cada materia e a ser avaliado, así como o deber de asistencia e realización das actividades formativas que se establezan na

programación docente de conformidade co art. 126 dos Estatutos da USC e a normativa de desenvolvemento.

- 2) O dereito a concorrer no curso ás convocatorias de exame que se determinen de acordo cos calendarios fixados polos centros.
- 3) A obtención da correspondente Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI) que lle permite o acceso aos servizos e instalacións da USC.
- 4) A participar na vida académica de acordo co establecido nos Estatutos da USC.
- 5) O deber de efectuar o pagamento dos prezos por servizos académicos, agás que se teña dereito a exención, e do seguro escolar ou obrigatorio, segundo proceda.

### **10.3. Incompatibilidades académicas e horarias**

A matrícula que formalicen os alumnos e alumnas entenderase feita sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinadas polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo, e non obrigarán en ningún caso á súa modificación.

### **10.4.- Convocatorias de exame**

A formalización da matrícula en titulacións de 1º e 2º ciclo, en calquera das súas modalidades, dará dereito a concorrer no curso a dúas convocatorias de exame, segundo o disposto nas normas de xestión académica da USC, agás se o número de convocatorias utilizadas polo alumno en convocatorias anteriores llelo impedisese.

O alumnado das ensinanzas de Grao e dos Programas Oficiais de Posgrao (máster oficial) disporán dunha única convocatoria por curso académico, se ben realizárense dúas etapas de avaliación, unha ao remate de cada cuadrimestre e outra no mes de xullo, conforme ao calendario académico que se aprobe.

Este dereito de avaliación quedará limitado polas incompatibilidades académicas que establezan os plans de estudo ou as programacións académicas de conformidade coa normativa aplicable.

Non se poderá presentar a exame ningún alumno que non estea efectivamente matriculado na materia correspondente.

## **11. RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS**

As reclamacións ou recursos interpostos polos alumnos e alumnas desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

A tramitación dos recursos realizarase consonte ao establecido na Resolución Reitoral do 15 de abril de 2004, sobre procedemento para a tramitación de recursos administrativos en materia de xestión académica (<http://www.usc.es/oar>).

## 12. QUEIXAS

Estará a disposición do alumnado a través da Secretaría Virtual da USC o acceso á presentación de queixas e suxestións telemáticas. Así mesmo poderán presentarse a través da páxina web da Oficina da Análise de Reclamación (<http://www.usc.es/oar>) cumprimentando o formulario electrónico.

As queixas e suxestións tramitaranse de acordo co establecido na Resolución Reitoral de 5 de decembro de 2005, pola que se aproba o procedemento para a tramitación de suxestións e queixas relativas á área académica da USC

## 13. EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA

A programación e desenvolvemento normal das actividades docentes e o cumprimento dos prazos indicados nesta convocatoria, vinculan do mesmo modo aos alumnos destinatarios como á propia universidade, a través de todos os seus órganos.

A Secretaría Xeral poderá ditar as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento e interpretación da presente convocatoria ou de calquera outro acordo ou resolución do réxime do alumnado.

## 14. NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS

Tendo en conta que os procedementos de ingreso son procesos de concorrència competitiva, para os efectos do disposto nos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, a notificación de todos os actos, tanto de trámite coma definitivos incluíndo os requirimentos necesarios aos solicitantes e a publicación das listas de adxudicación de prazas efectuaranse nos taboleiros de anuncios do Servizo de Xestión Académica e do Edificio Intercentros do Campus de Lugo, podendo accesoriamente publicarse na páxina web da USC. Este último medio, xunto coas notificacións por correo electrónico, será o que se utilice preferentemente en todos os procedementos realizados pola secretaria virtual.

## 15. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE MAIO DE 1999



Modifícase a Resolución Reitoral de 11 de maio de 1999 no senso de ampliar ata o 15 de setembro o prazo para o proceso de selección por parte dos Departamentos dos alumnos que solicitaron a realización de Traballos Académicamente Dirixidos.

## 16.- ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS

A presente convocatoria entrará en vigor e terá efectos para a matrícula en titulacións oficiais, na titulación propia de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública e nos posgraos propios, para o curso 2009– 2010.

Santiago de Compostela, 23/06/09

O REITOR,



Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES./AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDIMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS.

## **ANEXO I**

### **PRAZOS**

- Todos os prazos de preinscrición e matrícula en titulacións con límite de prazas rematan ás 14 horas do último día.
- Os prazos de matrícula e modificación de matrícula que se realicen por internet (secretaría virtual) rematarán ás 24 horas do último día do prazo, agás a matrícula en titulacións con límite de prazas que rematará ás 14 horas.
- O horario para calquera trámite de forma presencial nas Unidades de Xestión Académica é de 9 a 14 horas.

#### **I.- MATRÍCULA NO PRIMEIRO CURSO DAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE 1º E 2º CICLO E DE ENSINANZAS DE GRAO**

a) Titulacións con límite de prazas: nos prazos de matrícula fixados pola CIUG.

b) Titulacións sen límite de prazas

- Do 21 de xullo ao 20 de outubro de 2009 (agás o mes de agosto para a matrícula presencial)
- Do 16 ao 31 de marzo de 2010

Tras o remate do proceso de admisión pola CIUG, abrírase un prazo para os alumnos aos que non lles foi concedida praza para que se poidan matricular en titulacións sen límite de prazas ou nas que quedaron prazas vacantes.

#### **II.- MATRÍCULA EN MATERIAS DE NIVELACIÓN**

Realizarase xunto coa matrícula ordinaria.

#### **III.- MATRÍCULA PARA CONTINUAR ESTUDOS INICIADOS NA USC**

a) Alumnos con todo superado na convocatoria de xuño/xullo:

- Do 1 de agosto ao 20 de outubro de 2009

b) Alumnos con materias pendentes para a convocatoria de setembro:

- Do 1 de outubro ao 20 de outubro de 2009

c) Alumnos non matriculados nos períodos anteriores:

- Do 16 ao 31 de marzo de 2010



#### IV.- MATRÍCULA PARA CONTINUAR ESTUDOS INICIADOS NOUTRA UNIVERSIDADE

1.- Prazo de solicitude en titulacións sen cota para traslados:

- Do 1 de xullo ao 20 de outubro de 2009
- Do 16 ao 31 de marzo de 2010

2.- Prazo de solicitude en titulacións con cota para traslados:

- Do 1 ao 31 de xullo de 2009 (prazo preferente)
- Do 1 de agosto ao 20 de outubro de 2009

3.- Prazo de solicitude de validación parcial de estudos estranxeiros:

- Titulacións con cota: do 1 de xullo ao 15 de setembro de 2009
- Titulacións sen cota: do 1 de xullo ao 20 de outubro de 2009

#### V.- SOLICITUDE E MATRÍCULA EN MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN

Coa matrícula ordinaria.

#### VI.- SOLICITUDE E MATRÍCULA EN SEGUNDOS CICLOS DESDE OUTROS ESTUDIOS

1.- Titulacións con límite de prazas

##### **PRAZOS DE SOLICITUDE**

Primeiro prazo:

Do 21 de xullo ao 10 de setembro de 2009 para os alumnos que posúan a titulación ou estudos que lles dean acceso dentro deste prazo, é dicir, aqueles que remataran os estudos de acceso na convocatoria de xuño ou en anos anteriores, e presenten a solicitude entre esas datas.

Segundo prazo:

Do 1 ao 10 de outubro de 2009 para os alumnos que rematen na convocatoria de setembro os estudos que lles dean acceso, así como aqueles que non o solicitaron na primeira convocatoria.

Prazo no segundo cuadrimestre:

Do 10 ao 15 de marzo 2010 para os alumnos que reúnan os requisitos académicos para o acceso e desexen formalizar a matrícula naquelas titulacións nas que, tras as dúas convocatorias ordinarias, resultaran prazas vacantes.

##### **PRAZOS DE MATRÍCULA**

A matrícula realizarase nos prazos que se establecen a continuación facendo chamamentos semanais ata cubrir todas as prazas ofertadas:

Fase de xullo e setembro	
1º prazo de matrícula	Do 22 ao 24 de setembro de 2009
2º prazo de matrícula	Do 29 ao 30 de setembro de 2009
3º prazo de matrícula	Do 6 ao 8 de outubro de 2009
4º prazo de matrícula	Do 15 ao 16 de outubro de 2009
Naquelas titulacións nas que resultaran vacantes, se é necesario, faranse novos chamamentos no mes de outubro de 2009 ata cubrir as prazas vacantes.	
Fase tras o primeiro cuadrimestre	
Prazo de matrícula	Do 20 ao 31 de marzo de 2010

## 2.- Titulacións sen límite de prazas

### Primeiro prazo de solicitudes e matrícula

Do 1 de setembro ao 20 de outubro de 2009

### Segundo prazo de solicitudes e matrícula

Do 16 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010 (só matrícula en materias anuais e do segundo cuadrimestre)

## VII.- SOLICITUDE DE ADMISIÓN E MATRÍCULA EN CURSOS COMPLEMENTARIOS (CURSOS "PONTE") PARA OBTEN O TÍTULO DE GRAO

### PRAZO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Do 21 de xullo ao 10 de setembro de 2009, para os alumnos que posúan a titulación que lles dea acceso dentro deste prazo, é dicir, aqueles que remataran os estudos de acceso na convocatoria de xuño ou en anos anteriores, e presenten a solicitude entre esas datas.

### PRAZOS DE MATRÍCULA

A matrícula realizarase nos prazos que se establecen a continuación facendo chamamentos semanais ata cubrir todas as prazas ofertadas

1º prazo de matrícula	Do 22 ao 24 de setembro de 2009
2º prazo de matrícula	Do 29 ao 30 de setembro de 2009
3º prazo de matrícula	Do 6 ao 8 de outubro de 2009
4º prazo de matrícula	Do 15 ao 16 de outubro de 2009

### VIII.- INSCRICIÓN NAS PRÁCTICAS TUTELADAS DA FACULTADE DE FARMACIA

As solicitudes presentaranse no impreso que se facilitará na **Unidade de Xestión Académica do Campus Sur** nos seguintes prazos:

- Período de outubro 2009 – abril 2010.- inscrición do 1 ao 15 de setembro de 2009
- Período de marzo 2010 – setembro 2010.- inscrición do 1 ao 15 de febreiro de 2010

### IX.- CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

Prazo de inscrición: coa matrícula ordinaria ou ata o 31 de outubro de 2009

Prazo de matrícula para a convocatoria de setembro: ata o 28 de xullo de 2010

### X.- MATRÍCULA PARA A COLACIÓN DO GRAO

1.- Modalidade de exame.- Do 1 ao 15 de outubro de 2010

2.- Modalidade de traballo de investigación.- En calquera momento ao longo do curso, debendo acreditar mediante certificación que reúne os requisitos e que ten depositados os exemplares na Secretaría do Centro.

★ Facultade de Farmacia: (modalidade de exame)

- do 1 ao 15 de outubro de 2010
- do 1 ao 15 de marzo de 2011

★ A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicas as datas en que os seus alumnos deberán realizar a inscrición/matricula

### XI.- PROBA DE APTITUDE (PROBA DE CONXUNTO) E REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DOS TÍTULOS ESTRANXEIROS

**A) Prácticas, proxecto ou traballo, e cursos tutelados:** Período ordinario de matrícula.

Se a resolución ministerial é posterior, poderá solicitarse realizar os cursos tutelados que se oferten no segundo cuatrimestre.

A realización das prácticas ou do proxecto ou traballo poderán solicitarse en calquera momento.

**B) Probas de Aptitude e Probas de Conxunto:**

1.- CONVOCATORIA DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE.

Matricula: do 2 ao 10 de febreiro de 2010

2.- CONVOCATORIA DE XUÑO

Matricula: do 1 ao 10 de xuño de 2010

### 3.- CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Matrícula: do 1 ao 11 de setembro de 2010

En cada convocatoria, as probas realizaranse no mes seguinte ao de matrícula.

★A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicas as datas en que os seus alumnos deberán realizar a inscrición/matriculación

## XII.- ADMISIÓN E MATRÍCULA NO MÁSTER OFICIAL PARA O CURSO 2009-2010

### 1.- Inicio de estudos

CON ESTUDOS DE ACCESO DO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL

#### Titulacións sen límite de prazas

Matrícula: do 21 de xullo ao 10 de setembro de 2009

#### Titulacións con límite de prazas. Criterios xerais de selección

Matrícula provisoria: do 4 ao 10 de setembro de 2009

Publicación de matriculados e adxudicación de prazas: 15 de setembro de 2009

#### Titulacións con límite de prazas. Criterios específicos de selección

Admisión: do 4 ao 10 de setembro de 2009

Publicación de admitidos: 18 de setembro de 2009

Matrícula: 21 e 22 de setembro de 2009

Nos máster en que queden prazas vacantes, autorizarase a matrícula ata cubrir as prazas ofertadas, coa data límite do 15 de outubro de 2009

CON ESTUDOS DE ACCESO DE SISTEMAS EDUCATIVOS DOUTROS PAISES

Admisión: do 21 de xullo ao 31 de agosto de 2009

Matrícula: do 4 ao 10 de setembro de 2009

### 2.- Continuación de estudos

Matrícula: do 4 ao 22 de setembro de 2009

## XIII.- CALENDARIO XERAL DO PROCESO DE INGRESO E MATRÍCULA NO DOUTORAMENTO

### ETAPA DE FORMACIÓN (Real Decreto 778/1998)

Matrícula continuación estudos: do 1 ao 20 de outubro de 2009

#### ETAPA DE TESE

**Matrícula primeira vez e renovación:**

Prazo ordinario: do 20 de outubro ao 30 de novembro de 2009

Segundo cuadrimestre: do 16 ao 31 de marzo de 2010

#### **XIV.- CAMBIOS, MODIFICACIÓNS E DESISTENCIA DE MATRÍCULA**

##### Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo, ensinanzas de Grao, 3º ciclo e titulacións propias

1. Cambio ou modificación da matrícula e desistencia parcial: do 21 ao 31 de outubro de 2009.
2. Anulacións de matrícula (desistencia total): Os alumnos poderán solicitar a desistencia total durante o prazo establecido para a formalización da matrícula e a ata o 15 de novembro de 2009.

##### Titulación de Máster Oficial

1. Durante o mes de outubro, os alumnos poderán modificar a súa matrícula consonte as orientacións académicas que reciba.
2. Admitirase a anulación da matrícula (desistencia total) ata o 15 de outubro de 2009.

#### **XV.- MATRÍCULA E MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA PARA MATERIAS DO 2º CUADRIMESTRE E ANUAIS**

Do 16 ao 31 de marzo de 2010.

#### **XVI.- INSCRICIÓN PARA O PREMIO EXTRAORDINARIO**

##### Titulacións de 1º e 2º ciclo

Deberá solicitarse entre o 16 e o 30 de novembro 2010.

★A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicas as datas en que os seus alumnos deberán realizar a inscrición/matricula.

##### Doutoramento

De acordo coa convocatoria de cada centro

#### **XVII.- ADAPTACIÓN, VALIDACIÓN E RECOÑECIMENTOS**

- 1.- Alumnos sen materias pendentes para setembro: Do 1 de xullo ao 20 de outubro 2009.
- 2.- Alumnos con materias para setembro: Do 1 ao 20 de outubro de 2009.
- 3.- Adaptación e validacións tras a convocatoria de fin de carreira ou primeiro cuadrimestre: do 16 ao 31 de marzo de 2010.

## XVIII.- CONVOCATORIAS DE EXAME 2009/2010

### Calendario de exames para titulacións de 1º e 2º ciclo e para a titulación propia de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública:

#### Primeira convocatoria:

Primeiro cuadrimestre: do 29 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2010

Data límite sinatura actas: 10 de marzo de 2010

Segundo cuadrimestre e materias anuais: do 8 ao 30 de xuño de 2010

Data límite sinatura actas: 16 de xullo de 2010

#### Segunda convocatoria:

De todas as materias os exames realizaranse entre os días 1 e 16 de setembro de 2010.

Data límite sinatura actas: 30 de setembro de 2010

#### Convocatoria de "fin de carreira":

Esta convocatoria terá lugar entre os meses de decembro e xaneiro nas datas que establezan os centros. A data límite para a sinatura das actas será ata 15 días despois de finalizado o período de exames determinado polo centro.

### Calendario de exames en ensinanzas de Grao e Máster

Os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades para seren avaliados: a primeira terá lugar ao final de cada cuadrimestre e a segunda en xullo, quedando o calendario de probas de avaliación como segue:

Primeiro cuadrimestre: do 21 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2010

Data límite de rexistro das cualificacións: 18 de febreiro de 2010

Segundo cuadrimestre: do 25 de maio ao 7 de xuño de 2010

Data límite de rexistro das cualificacións: 25 de xuño de 2010

Prazo de xullo: do 1 ao 15 de xullo de 2010

Data límite sinatura actas: 26 de xullo de 2010

## 1.- DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE DE MATRÍCULA

### Alumnos que inicien estudos

\* Solicitud de matrícula.

\* Certificación das Probas de Acceso á Universidade ou título que habilita para o acceso á Universidade e a matrícula na titulación concreta.

### Alumnos que continúen estudos.

\* A matrícula faise pola secretaría virtual e non se require ningunha documentación.

### Alumnos trasladados.

Ademais da documentación esixida para a admisión, resguardo de ter aboados os dereitos de traslado de expediente na Universidade de orixe.

## 2.- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA GRATUIDADE, EXENCIÓN OU REDUCCIÓN DOS PREZOS DA MATRÍCULA

Se fose preciso, por ter concedidos os beneficios de gratuidade, exención ou redución de prezos públicos por servizos académicos, algún dos seguintes documentos:

- a) Para os beneficiarios do réxime de protección ás familias numerosas de categorías xeral e especial: FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DE BENEFICIARIO, só no caso de que non o tivese entregado, ou de telo entregado que estivese caducado nas datas da matrícula, e non entregase copia da renovación actualizada. En caso de ser necesario deberá presentarse o documento orixinal do que debe deixar constancia o funcionario que efectúe a matrícula.

No caso de que esta documentación figure actualizada no expediente do alumno non hai que entregala.

Así mesmo, se no periodo de matrícula ten solicitada a renovación, deberá presentar no momento da matrícula o xustificante de ter presentada esta solicitude. O título renovado terá que presentarse antes do 31 de decembro do mesmo ano. De non presentalo neste prazo, anularanse os beneficios concedidos e procederase a reclamar o pagamento do importe total da matrícula.

O título de familia numerosa deberá ser eficaz no período de matrícula dende o 21 de xullo ata o 20 de outubro.

- b) Para os beneficiarios de axudas ó estudio diferentes ás da convocatoria xeral do MEC, documento que acredite que se lle concedeu tal axuda para o curso académico actual, ou de non telo, con carácter provisorio, presentación do resguardo de solicitude da axuda sempre que a convocatoria pola que se concede a bolsa estableza a posterior compensación de prezos á Universidade. O alumno deberá acreditar a compensación de prezos á Universidade de Santiago de Compostela por parte do organismo convocante.

En calquera caso aqueles ós que se lles denegue a axuda deben aboar o importe da matrícula aínda que comezasen ou comecen o trámite das reclamacións pertinentes.

- c) Para os que obtivesen a cualificación de matrícula de honra nalgunha materia durante o curso académico anterior non se lle esixirá documentación ningunha, debéndose constatar nas actas ou no expediente do alumno.

- d) Para os alumnos que acadaran Matrícula de Honra no COU, no segundo curso do bacharelato LOXSE ou no ciclo superior de formación profesional, a certificación do centro en tal sentido ou ben fotocopia cotexada polos xefes de división das unidades de xestión académica á vista do Libro de Escolaridade.

- e) Para outras exencións legalmente establecidas, deberán presentar os seguintes documentos:

-- Discapacidade.- Documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de minusvalía (igual ou superior ao 33%)

-- Vítimas de actos terroristas.- Documento acreditativo, de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

- Violencia de xénero.- Poderá acreditarse con calquera dos seguintes documentos:
- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testimonio ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar
  - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero
  - c) Certificación dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autónoma ou Local
  - d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autónoma ou Local
  - e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia
  - f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social
  - g) Calquera outro que se estableza regulamentariamente

### **3.- ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS QUE SE MATRICULEN POR PRIMEIRA VEZ EN PRIMEIRO CURSO**

- 1.- Fotocopia do documento nacional de identidade, número de identificación para estranxeiros (NIE) ou do pasaporte.
- 2.- O documento que corresponda segundo o título ou probas que habiliten o alumno para iniciar estudos directamente en centros universitarios. Estes documentos especificanse nos anexos III e IV.

### **4.- ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS PROCEDENTES DOUTRAS UNIVERSIDADES**

- a) Deberán ser admitidos para iniciar ou continuar estudos nesta Universidade e resguardo de que se aboaron os dereitos de traslado de expediente, cando proceda.
- b) No caso de que veñan continuar os estudos xa iniciados noutra ou noutras universidades presentarán, se non o fixeron no momento da solicitude de admisión, certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada dos estudos de orixe.

### **5.- ALUMNOS QUE SUPERASEN AS PROBAS EN CURSOS ANTERIORES**

Os alumnos que inicien estudos nun Centro e superasen as probas de acceso á Universidade (ou titulación equivalente) en cursos anteriores, deben presentar certificación académica persoal dos estudos universitarios realizados anteriormente ou, de ser o caso, declaración xurada de non terse matriculado anteriormente noutra titulación universitaria.

### **6.- DOCUMENTOS NECESARIOS PARA A SOLICITUDE DE PRAZA E MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS DE MASTER OFICIAL**

Para realizar a solicitude de praza e matrícula os alumnos deberán:

**1º.-** Presentar por Internet a través da páxina [www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop) a solicitude e a declaración de titulación e expediente académico, así como cumprimentar todos os datos persoais e académicos requiridos.

**2º.-** Os alumnos procedentes doutras universidades deberán remitir, xunto cos documentos indicados no apartado 2º, unha certificación académica completa dos estudos cursados que lles dean acceso á titulación solicitada. Esta certificación deberá conter a seguinte información:

- \* Materias e cualificacións correspondentes a cada unha delas
- \* Constancia da superación dos estudos que dá acceso ó Máster

Os documentos académicos (títulos e certificados académicos) deberán cumprir os requisitos que se recollen no **apartado 7**.

.- Tódolos documentos deberán entregarse na Unidade de Xestión Académica correspondente, dentro dos **dez días** seguintes a realizar a solicitude electrónica e matrícula a través de Internet.

***De non recibirse esta documentación no devandito prazo ou se non coinciden cos datos declarados procederase a iniciar os trámites para o arquivo da matrícula.***

## **7.- DOCUMENTOS NECESARIOS PARA A SOLICITUDE DE PRAZA E MATRÍCULA NO DOUTORAMENTO**

### **7.1. Alumnos con títulos expedidos en universidades españolas**

- 1.- Fotocopia do documento nacional de identidade, número de identificación para estranxeiros (NIE) ou do pasaporte.
- 2.- Fotocopia compulsada do título de licenciado ou equivalente ou da certificación de telo solicitado

Os titulados da USC non terán que aportar ningunha documentación.

### **7.2. Alumnos con títulos expedidos noutros países**

Cando o título que lle da acceso ao terceiro ciclo fose obtido no estranxeiro, o alumno, ademais do documento de identificación, deberá aportar algún dos seguintes documentos (agás cando realice a matrícula complementaria):

- Resolución do M.E.C. concedéndolle a homologación do seu título
- Resolución da USC concedéndolle a equivalencia (admisión previa de recoñecemento a que fai referencia o artigo 12 do regulamento do 3º ciclo).

De non estar en posesión de ningún destes documentos, deberá aportar xustificante de ter solicitado a homologación ou a equivalencia. Neste suposto a matrícula quedará condicionada a concesión positiva, que deberá acreditar dentro do curso académico.

## **8.- REQUISITOS DOS DOCUMENTOS E LUGARES DE PRESENTACIÓN**

Os documentos deberán reunir os requisitos que se regulan na Instrución 2/2008 da Secretaría Xeral da USC, do 19 de febreiro de 2008, na que tamén se establecen os rexistros onde se poden presentar.

## TÍTULOS ACADÉMICOS OU PROBAS QUE HABILITAN PARA MATRICULARSE EN ESTUDOS CONDUCENTES A LICENCIATURA, ENXEÑARÍA, ARQUITECTURA OU ENSINANZAS DE GRAO

- Probas de acceso á Universidade - fotocopia compulsada da tarxeta na que figure telas superadas e a súa cualificación definitiva.
- Credencial expedida pola UNED para os alumnos procedentes de sistemas educativos de países membros da Unión Europea ou con que exista convenio bilateral que reúnan os requisitos académicos esixidos no país de procedencia para acceder as súas universidades, de acordo co regulado no artigo 38.5 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación.
- Validación de estudos realizados no estranxeiro.- os españois e estranxeiros que realizasen estudos validables do Bacharelato e do COU e teñan aprobadas as probas de acceso á Universidade deberán presentar:
  - a) Resgardo acreditativo de ter promovida a validación dos seus estudos polos equivalentes españois.
  - b) Tarxeta de inscrición na que conste que superaron as probas de aptitude para o acceso á universidade.
  - c) Xustificante de ter aboados os dereitos para o traslado de expediente na UNED.
- PROGRAMAS ANTERIORES Á LOGSE
  - a) Bachareis xerais e técnicos superiores de programas de estudos de 1934 e 1938.- Fotocopia compulsada do título
  - a) Alumnos do curso preuniversitario: fotocopia compulsada da dilixencia do Libro Escolar de ter superadas as probas de madurez do devandito curso.
  - b) Bachareis técnicos superiores: Resgardo de ter solicitada a certificación de que superou o exame de madurez.
  - c) Alumnos do curso de orientación universitaria (COU), posteriores ó curso 1974-75: fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que ten superadas as probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios.
  - d) Alumnos do Curso de Orientación Universitaria anteriores ó curso 1974-75: fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que se acadou avaliación global positiva no COU.

Tódolos alumnos citados deberán, ademais, presentar resgardo de ter aboados os dereitos para a expedición do título de Bacharel.
- Titulados universitarios (licenciados, enxeñeiros, arquitectos, diplomados, mestres, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos).- fotocopia do título debidamente compulsada ou, no seu defecto, resgardo acreditativo de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- Graduados sociais diplomados.- fotocopias compulsadas do título ou resgardo de ter aboados os dereitos para a súa expedición.

- Mestres de ensino primario.- os do plano de 1950 e anteriores, copia do título ao facer a inscrición nas facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Filosofía e Ciencias da educación; para as outras facultades, ademais, o certificado de ter superado o exame de ingreso.
- Os do plano de 1967, teñen acceso a todas as facultades, deben presentar unha copia compulsada do título.
- Oficiais da Forzas Armadas.- certificación académica persoal que acredite que superaron os estudos regulares na academia xeral militar, ou especiais da armada: Escola Naval Militar e a Academia Xeral do Aire.
- Profesores mercantís.- fotocopia compulsada do título respectivo.
- Probas de acceso para maiores de 25 anos.- certificado de ter superadas as probas de acceso na Universidade de Santiago de Compostela.
